




Informe 2016 da Cooperación Galega

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Xunta de Galicia

XUNTA DE GALICIA

Informe 2016 da Cooperación Galega

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Xunta de Galicia

Edita

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Xunta de Galicia

Textos e coordinación editorial

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Deseño e maquetación

WINDSOCK (www.windsock.es)

Fotografías

Fotografías cedidas polos distintos axentes de cooperación
Arquivo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Índice

Prólogo do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	5
1. Introducción: marco normativo de referencia	7
2. A Cooperación Galega 2016 en cifras	10
3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017	23
4. Actuacións de cooperación no exterior	32
4.1 Convocatoria 2016 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes — 32	
4.2 Convocatoria 2015 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes — 51	
4.3 Convenios de colaboración para proxectos de cooperación no exterior — 55	
4.3.1 Convenios de colaboración do ano 2016	
4.3.2 Convenios de colaboración de anos anteriores	
4.4 Actuacións doutras consellerías — 59	
5. Axuda humanitaria e de emerxencia	60
5.1 Convocatoria aberta e permanente para proxectos de acción humanitaria — 61	
5.2 Convenios de colaboración para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia — 62	
6. Actuacións de educación para o desenvolvemento	76
6.1 Convocatoria 2016 de proxectos de educación para o desenvolvemento (EpD) — 76	
6.2 Convocatoria 2015 de proxectos de educación para o desenvolvemento (EpD) — 82	
6.3 Convenios de colaboración para actividades de educación para o desenvolvemento — 84	
6.3.1 Convenios de colaboración do ano 2016	
6.3.2 Convenios de colaboración do ano 2015	
7. Actuacións de consolidación e fortalecemento de ONGD	86
7.1 Convocatoria 2015 de proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD — 86	
7.2 Convenios de colaboración para actividades de fortalecemento — 87	
8. Formación	89
8.1 Bolsas de formación de expertos en cooperación para o desenvolvemento — 89	
8.2 Actividades formativas — 90	
9. Coordinación sectorial e interadministrativa	91
9.1 Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) — 91	
9.2 IX Encontro de comunidades autónomas e cooperación para o desenvolvemento — 92	
9.3 Comisión Interterritorial de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento — 93	
9.4 Comisión de Coordinación do Convenio para a programación conxunta da AH — 93	
9.5 Participación no I Cumio Mundial Humanitario en Istambul — 94	
10. Viaxes, visitas e actos institucionais	95
10.1 Viaxes de cooperación ao exterior — 95	
10.2 Visitas institucionais a Galicia — 95	
10.3 Campaña Mundial pola Educación 2016 — 97	
11. Publicacións e avaliacións	98
11.1 Publicacións — 98	
11.2 Avaliacións — 99	

Prólogo

do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Presentamos neste documento o *Informe anual de Cooperación Galega 2016*, no que damos conta á cidadanía galega das actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para dar cumprimento aos nosos compromisos coa cooperación para o desenvolvemento recollidos no III Plan director 2014-2017.

Desde a Xunta de Galicia seguimos a apostar pola cooperación para o desenvolvemento, mantendo un ano máis os nosos orzamentos co compromiso de cara aos vindeiros anos de ir aumentando a dotación orzamentaria.

O Plan da Cooperación Galega 2016, contou cun orzamento de 4,19 millóns de euros, executados ao 100% desde a súa posta en marcha en xaneiro. Grazas a el foron financiados 78 proxectos de cooperación, acción humanitaria e educación para o desenvolvemento, dos que 27 teñen continuidade e financiamento comprometido para 2017. Ademais, leváronse a cabo intervencións de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria financiadas en 21 países.

O ano tamén estivo marcado polo recrudecemento das crises humanitarias. Por iso, neste ano, a ONU levou a cabo en Istambul o primeiro Cumio Humanitario Mundial para tratar de atopar solucións coordinadas para mellorar a eficacia do financiamento da axuda humanitaria.

Nesta liña, dende o goberno galego, mantívose a colaboración no ámbito da acción humanitaria con Farmamundi, Acnur, Unrwa e Unicef España, así como coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí. Ademais, comprometeuse a continuidade do convenio de colaboración coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e as comunidades de Madrid, A Rioxa, Estremadura e Illas Baleares para a coordinación das actuacións no ámbito humanitario.

Tamén no 2016 iniciamos o segundo bienio de execución do noso plan director, e estamos a potenciar aqueles aspectos aínda non acadados plenamente de cara a que ao finalizar o seu período de execución no ano 2017 poidamos ter cumpridos de xeito satisfactorio todos os obxectivos establecidos.

Cabe sinalar tamén que Galicia foi este ano sede do Encontro anual de comunidades autónomas e cooperación, que nos permitiu debater coas outras administracións territoriais sobre as vantaxes comparativas das distintas cooperacións descentralizadas e como poñelas en valor para aumentar a eficacia da axuda.

Non quero esquecer neste prólogo o relevante papel das ONGD e do resto dos axentes galegos de cooperación, que complementan moi eficazmente o labor da Administración pública tanto na planificación da política de cooperación como na execución dos proxectos. No que respecta aos convenios para actuacións de sensibilización, formación e fortalecemento do sector en Galicia, colaboramos coa Coordinadora Galega de ONGD para fortalecer o tecido das ONGD galegas e mellorar a promoción de actuacións en materia de educación para o desenvolvemento.

Ao longo deste informe poderán comprobar como a través das actuacións desenvolvidas a Cooperación Galega segue a ser unha cooperación especializada e cun elevado nivel de execución orzamentaria, o que é xa o noso sinal de identidade. Así mesmo, con este informe, xunto coa información periódica e puntual que recollemos na nosa páxina web, queda garantido o principio de transparencia da actuación administrativa.

No ano 2017 comezaremos a traballar na elaboración do futuro IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 co que esperamos seguir mantendo a Cooperación Galega nunha posición destacada

no marco da Cooperación Española. Ademais de aprobar o Decreto de cooperación para o desenvolvemento que inclúe melloras na normativa galega de cooperación para o desenvolvemento, como a actualización da regulación do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación e o desenvolvemento do réxime xurídico especial das axudas e subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento, para acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación internacional e acción humanitaria.

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

1

Introdución: marco normativo de referencia

O marco normativo galego no ámbito da cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria vén establecido nos seguintes instrumentos:

- A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galicia, que pon de manifesto o interese, a responsabilidade e a solidariedade da sociedade civil galega e as súas institucións coa eliminación da pobreza a nivel mundial.
- A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, modificou os artigos 20, 21 e 22 da Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento, revisando o deseño dos espazos de participación previstos nela: o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode), ve ampliadas as súas competencias, asumindo as que tiña a Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento (Cintercode) e a Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento (Cincode), que desaparecen coa modificación da lei, unificando nun só órgano a totalidade das funcións de consulta, participación e avaliación en materia de cooperación para o desenvolvemento de acordo cos criterios de racionalización, eficacia e eliminación de duplicidades e co fin de acadar a concentración da participación de todos os sectores involucrados na planificación, avaliación e xestión da política galega de cooperación ao desenvolvemento.
- O Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
- O Decreto 90/2011, do 5 de maio, que modifica o Decreto 326/2004, do 29 de decembro, na parte relativa ao Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
- O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza., que define á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE como órgano superior da Administración autonómica na materia de cooperación ao desenvolvemento.

A Lei 3/2003 establece que a Cooperación Galega para o desenvolvemento se articula a través de plans directores cuadrienais e de plans anuais.

O Plan anual 2016 da Cooperación Galega (cuxos resultados son obxecto do presente informe) enmárase no III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017 que foi aprobado polo Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento o 13 de decembro de 2013, polo Consello da Xunta de Galicia o 19 de decembro de 2013 e, finalmente, polo Parlamento de Galicia o 18 de marzo de 2014.

Este III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017 xorde da vontade de profundar na eficacia e calidade da contribución que a cidadanía galega realiza a través da política pública de cooperación ao desenvolvemento aos esforzos dos países e comunidades socios. Por outra banda, este novo ciclo de planificación quere dar continuidade á modernización estratéxica e operativa da Cooperación Galega que impulsaron os anteriores plans directores liderados pola Xunta de Galicia.

Dentro do proceso de consolidación da mellora da calidade e eficacia da Cooperación Galega a nova estratexia presenta as seguintes características diferenciadoras:

- A aposta por unha política pública de cooperación centrada na xeración de cambios positivos e sustentables nas condicións de vida das persoas nas comunidades e países socios cos que traballa a Cooperación Galega.
- O aliñamento coa nova axenda global de desenvolvemento e coa Cooperación Española para contribuír aos esforzos colectivos da cidadanía galega e española por promover o desenvolvemento humano sustentable, a diminución da pobreza e o pleno exercicio dos dereitos humanos nos países socios.
- A racionalización e simplificación do seu marco estratéxico para promover un maior alcance e impacto da axuda galega como propugna o modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento.
- A procura dun maior valor engadido da axuda a través da súa previsibilidade financeira con garantías de solvencia e sostenibilidade; da súa concentración xeográfica en 10 países prioritarios (Mozambique, Cabo Verde, Bolivia, Ecuador, Perú, República Dominicana, Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador) e da súa especialización nos sectores nos que Galicia conta con vantaxes comparativas (agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, educación, xestión dos recursos hídricos e abastecemento de auga e educación para o desenvolvemento).



2

A Cooperación Galega 2016 en cifras

A modo de resumo, a execución do Plan anual 2016 traducida a cifras sería a seguinte:

- Orzamento inicial do programa 331-A: 4.191.350€
- O grao de execución do total de citado orzamento foi dun 100%.
- Un 80% do orzamento operativo de gastos xestionouse a través de convocatorias públicas de axudas.
- Un 75% do orzamento operativo de gastos destinouse a ONGD.
- Un 15% do orzamento operativo de gastos destinouse a actuacións humanitarias e de emerxencia.
- Financiáronse un total de 78 proxectos (dos que 27 terán continuidade no 2016).
- Levouse a cabo a avaliación externa de 18 proxectos financiados no Ecuador.
- Un total de 315.707€ procedentes doutros programas orzamentarios destináronse a cooperación.
- A Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) galega no ano 2016 elevouse a 4.607.057€
- Un ano máis, a solvencia foi un sinal de identidade da Cooperación Galega, cun 100% do orzamento executado e pagado.

A Cooperación Galega 2016 en cifras

TÁBOA 1: Distribución do orzamento da Cooperación Galega no ano 2016⁽¹⁾

CAPÍTULO	CONCEPTO	ORZAMENTO (€)	
		INICIAL	FINAL
Capítulo I	Gastos de persoal	455.944	455.944
Capítulo II	Gastos de funcionamento	-	100.000 ⁽²⁾
Capítulo IV	Transferencias correntes	3.013.568	3.013.568
	Transferencias a universidades	0	60.000
	Transferencias a institucións sen fins de lucro	444.595	444.595
	Actuacións de cooperación no exterior	2.247.435	2.187.435
	Convenio Coordinadora Galega de ONGD	90.000	90.000
	Convenio Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	40.000	40.000
	Bolsas formación en cooperación	113.200	113.200
	SS Bolsas formación en cooperación	3.338	3.338
	Fondo Humanitario AECID	50.000	50.000
	Convenio Asociación Solidariedade co Pobo Saharauí (SOGAPS)	25.000	25.000
Capítulo VI	Investimentos reais	60.000	85.000
Capítulo VII	Transferencias de capital	661.838	636.838
	Actuacións de cooperación no exterior	611.838	586.838
	Convenio Asociación Solidariedade co Pobo Saharauí (SOGAPS)	50.000	50.000
TOTAL ORZAMENTO DXRREE E UE (Área de Cooperación para o Desenvolvemento)		4.191.350	4.291.350
Consellería de Sanidade		-	251.437
Consellería do Mar		-	62.270
TOTAL ORZAMENTO XUNTA DE GALICIA			4.607.057

Ao final do ano 2016 os recursos totais destinados pola Xunta de Galicia a cooperación para o desenvolvemento foron superiores aos inicialmente previstos no Plan anual, debido ao financiamento de actuacións a través de fondos procedentes doutros programas orzamentarios diferentes ao específico de cooperación exterior.

1 Nas seguintes táboas téñense en conta exclusivamente as achegas da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, non as doutros departamentos da Xunta de Galicia.

2 Rateo programa 111E.



A Cooperación Galega 2016 en cifras

TÁBOA 2: Detalle do gasto por tipo de actividade durante o ano 2016

	TIPO DE INSTRUMENTO	Nº INTERVENCIÓNS	IMPORTE (€)	
Coooperación ao desenvolvemento	Proxectos ONGD	26	1.993.830,00	2.570.873,17
	Outros axentes	8	475.043,17	
	Convenios	2	102.000,00	
Acción humanitaria	Convenios	14	306.866,00	306.866,00
Fortalecemento de axentes	Convocatoria	4	58.650,60	208.650,60
	Convenios	2	150.000,00	
Educación para o desenvolvemento	Convocatoria	19	322.990,60	447.473,56
	Convenios	3	124.482,96	
Formación	Bolsas	6	116.538,00	116.538,00
Outros	Asistencias técnicas (avaliacións, estudos, informes, etc.)	9	85.000,00	85.000,00
TOTAL		93	3.735.401,33	3.735.401,33


Tal e como se desprende da táboa 2, no ano 2016 foron destinados a gastos de actividades un total de 3.735.401,33 €, o que representa un 87,05% do orzamento final de cooperación da DXRREE e UE.

A Cooperación Galega 2016 en cifras

TÁBOA 3: Distribución xeográfica da axuda da DXRREE e UE ⁽³⁾

REXIÓN	PAÍS	IMPORTE (€)	N.º INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE DE FONDOS POR PAÍS
América do Sur	Bolivia	71.030,00	1	2,76 %
	Ecuador	32.000,00	1	1,24 %
	Perú	358.477,30	5	13,94 %
Centroamérica	El Salvador	338.307,50	4	13,16 %
	Guatemala	593.026,00	8	23,07 %
	Honduras	279.920,20	3	10,89 %
	Nicaragua	416.693,27	7	16,21 %
	República Dominicana	87.478,50	1	3,40 %
África	Mozambique	218.944,40	4	8,52 %
	Cabo Verde	87.496,00	1	3,40 %
	Guinea Bissau e Senegal	87.500,00	1	3,40 %
TOTAL		2.570.873,17	36	100 %

No III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017 (III PD) reduciuse de 12 a 10 o número de países prioritarios, nun intento de lograr unha maior concentración da axuda e maior eficiencia na súa xestión. Tal e como amosa a táboa 3 e o seu gráfico, durante o ano 2016 executáronse intervencións de cooperación para o desenvolvemento en 11 países, logrando un bo grao de concentración.



TÁBOA 4: Distribución xeográfica da acción humanitaria

REXIÓN	PAÍS	IMPORTE (€)	N.º INTERVENCIÓN	PORCENTAXE DE FONDOS POR PAÍS
África	Kenia	8.296,36	1	3 %
	Población Saharai (Arxelia)	91.666,67	2	30 %
	Chad	20.000,00	1	7 %
Asia	Xordania	45.933,00	1	15 %
	Siria	27.311,02	2	9 %
	Territorios Palestinos Ocupados	20.000,00	1	7 %
América do Sur	Ecuador	53.276,74	2	17 %
	Haití	7.508,36	1	2 %
	México	16.666,67	1	5 %
	El Salvador	7.748,82	1	3 %
Europa	Serbia	8.458,36	1	3 %
TOTAL		306.866,00	14	100 %

Polo que respecta á distribución xeográfica da acción humanitaria, como se desprende da táboa 4 financiáronse actuacións de axuda humanitaria e de emerxencia en 9 países, nos territorios palestinos, e coa poboación saharai.



O III PD conserva as mesmas prioridades sectoriais do II PD para os efectos de orientar a distribución sectorial dos recursos, aínda que con algún cambio de denominación:

1. Cobertura das necesidades sociais básicas.
2. Desenvolvemento económico local.
3. Participación social, empoderamento e dereito das mulleres, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz.
4. Acción humanitaria.
5. Educación para o desenvolvemento.
6. Investimento no ser humano.
7. Xestión ambiental sustentable e hábitat.
8. Consolidación e fortalecemento de axentes.
9. Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores.

O III PD tamén establece 7 sectores de especialización nos que Galicia ten coñecemento experto, e nos que se concentrarán, como mínimo, entre o 80 % e o 90 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento:

- Agricultura e desenvolvemento rural.
- Educación.
- Pesca e acuicultura.
- Xestión integral e gobernanza de recursos hídricos.
- Habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento.
- Saúde xeral e básica.
- Programas/políticas sobre saúde sexual e reprodutiva.

A Cooperación Galega 2016 en cifras

TÁBOA 5: Distribución sectorial

SECTOR III PD COOPERACIÓN GALEGA		IMPORTE (€)	PORCENTAXE ACADADA 2016	PORCENTAXE OBLXECTIVO DO III PD
1	Cobertura das necesidades sociais básicas	1.558.485,07	44 %	25-30 %
2	Desenvolvemento económico local	632.715,30	18 %	25-30 %
3	Participación social, empoderamento e dereito das mulleres, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz	152.876,80	4 %	7-10 %
4	Acción humanitaria	306.866,00	9 %	8-10 %
5	Educación para o desenvolvemento	447.473,56	13 %	8-10 %
6	Investimento no ser humano	226.796,00	6 %	4-5 %
7	Xestión ambiental sustentable e hábitat	0,00	0 %	3-4 %
8	Consolidación e fortalecemento de axentes	208.650,60	6 %	4-5 %
9	Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores	0,00	0 %	0,01 %
TOTAL		3.533.863,33	100 %	100 %


Se consideramos os intervalos de porcentaxes establecidos como obxectivo no III PD, obsérvanse desequilibrios na práctica totalidade dos sectores, que se tratarán de ir corrixindo nos seguintes anos de vixencia do III PD.

A Cooperación Galega 2016 en cifras

TÁBOA 6: Distribución por tipo de instrumento

TIPO DE INSTRUMENTO	IMPORTE (€)	DESAGREGACIÓN	IMPORTE (€)
Convocatorias	2.967.052,37	Proxectos ONGD	1.993.830,00
		Outros axentes	475.043,17
		Microproxectos	0,00
		Acción humanitaria	0,00
		Educación para o desenvolvemento	322.990,60
		Fortalecemento de axentes	58.650,60
		Investigación	0,00
		Bolsas de formación	116.538,00
Convenios	683.348,96	Cooperación para o desenvolvemento	102.000,00
		Acción humanitaria	306.866,00
		Educación para o desenvolvemento	124.482,96
		Fortalecemento de axentes	150.000,00
Capítulo VI	85.000,00		85.000,00
TOTAL			3.735.401,33

Polo que respecta á repartición da axuda en función do instrumento empregado, segundo se desprende da táboa 6, a Cooperación Galega segue apostando pola canalización de fondos a través de convocatorias públicas de axuda, utilizando os convenios de colaboración para actuacións puntuais e excepcionais.






TÁBOA 7: Distribución por tipo de axente

TIPO DE AXENTE	IMPORTE (€)	N.º INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE
ONGD	2.274.221,56	49	64 %
Agrupacións mixtas	310.732,60	9	9 %
Outros	223.623,77	5	6 %
Universidades	179.496,00	3	5 %
Empresas	233.923,40	3	7 %
CGONGD	90.000,00	1	3 %
Fondo Galego	40.000,00	1	1 %
Comunidades galegas no exterior	0,00	0	0 %
Axencias internacionais	131.866,00	4	4 %
AECID	50.000,00	3	1 %
Sindicatos	0,00	0	0 %
TOTAL	3.533.863,33	78	100 %

Dado que, a excepción da convocatoria doutros axentes para proxectos no exterior e a convocatoria de investigación para o desenvolvemento, o resto de convocatorias son exclusivas para ONGD, a distribución das axudas por tipo de axente establecida na táboa 7 e no seu gráfico amosa, como xa é habitual, a preponderancia das intervencións executadas a través das ONGD, que representa o 64 % dos recursos destinados ao financiamento de proxectos.





3

Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017

RESULTADO DE XESTIÓN 1 A COOPERACIÓN GALEGA ALIÑA O SEU MARCO NORMATIVO ESTRATÉGICO E OPERATIVO COA AXENDA GLOBAL DE DESENVOLVEMENTO			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES ⁽⁴⁾	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.1.1. Actualizar o marco normativo da Cooperación Galega.	I.1.1.1. Unha nova Lei galega de cooperación para o desenvolvemento aprobada.	1. Lei galega de cooperación para o desenvolvemento aprobada. 2. Normativa de subvencións adaptada á cooperación para desenvolvemento. 3. Órganos de coordinación e participación renovados.	No 2014 iniciouse o traballo para, en vez de encorar unha modificación total da Lei galega de cooperación, incorporar noutros textos normativos as reformas máis urxentes. No 2015 foi aprobada a Lei 1/2015, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, que introduciu modificacións á Lei 3/2003, no que se refire ao deseño dos espazos de participación previstos nela co fin de mellorar a súa funcionalidade, operatividade e equilibrio dos órganos de asesoramento en coordinación da cooperación. Está en marcha ademais a tramitación dun Decreto que, entre outras, adapte a normativa de subvencións ás peculiaridades da cooperación para o desenvolvemento.
L.A.1.2. Reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da Administración pública galega.	I.1.2.1. Nº de xuntanzas do grupo de traballo cos distintos departamentos da Xunta de Galicia para incorporar nos seus pregos de cláusulas os criterios de comercio xusto e compra pública responsable nas súas compras e adquisicións.	4. Grupo de traballo en funcionamento. 5. Informe de seguimento do Pacto galego contra a pobreza realizado.	Non se produciron avances neste eido no ano 2016. O Informe de seguimento do Pacto Galego contra a pobreza non foi solicitado polo Parlamento no ano 2016.

Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017

RESULTADO DE XESTIÓN 1 A COOPERACIÓN GALEGA ALIÑA O SEU MARCO NORMATIVO ESTRATÉGICO E OPERATIVO COA AXENDA GLOBAL DE DESENVOLVEMENTO			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES ⁽⁴⁾	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios en cooperación ao desenvolvemento.	I.1.3.1. O programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014.	6. Orzamento do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento aprobado.	O Plan anual 2016 aprobado polo Consello da Xunta do 21 de xaneiro de 2016 conta cun orzamento de 4.191.350 €.
L.A.1.4. Dar continuidade aos procesos de mellora da funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda.	I.1.4.1. 70 %-75 % da axuda desembolsable da DXRREE e UE distribuída a través de convocatoria e o 25 %-30 % restante a través de convenios. I.1.4.2. Nº de convocatorias de axudas de micro-proxectos, fortalecemento e consolidación de axentes e educación para o desenvolvemento abertas ao liderado do conxunto de axentes de cooperación.	7. Convenios formalizados. 8. Convocatorias de axudas convocadas e resoltas. 9. Bases revisadas das convocatorias de micro-proxectos, fortalecemento e consolidación de axentes e educación para o desenvolvemento.	O 80 % da axuda desembolsable da DXRREE e UE distribuíuse a través das convocatorias de proxectos e no exterior, educación para o desenvolvemento e consolidación e fortalecemento de axentes. O 18 % restante foi distribuído a través de 12 convenios.

Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017

RESULTADO DE XESTIÓN 2			
A COOPERACIÓN GALEGA CONCENTRA A SÚA AXUDA NO EXTERIOR CON CRITERIOS DE EFICACIA			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 10 países socios.	I. 2.1.1. Como mínimo entre o 75 % e o 80 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concéntrase nos 10 países socios da Cooperación Galega.	10. Convenios e convocatorias executados nos países prioritarios.	A axuda desembolsada nos países prioritarios (2.483.373,17 €) representa un 96,59 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación para o desenvolvemento (2.570.873,17 €) é un 86,29 % se tomamos toda a axuda desembolsada no exterior (2.877.739,17 €).
L.A.2.2. Aliñar as actuacións da Cooperación Galega cos Marcos de Asociación País da Cooperación Española e coas políticas públicas dos países socios.	I. 2.2.1. Valoración nas bases das convocatorias de proxectos no exterior do grao de aliñamento cos MAP e as políticas públicas dos países socios.	11. Formularios de presentación de proxectos no exterior con apartado específico. 12. Criterios de valoración establecidos nas bases das convocatorias de proxectos no exterior.	Tanto os formularios de presentación dos proxectos como os criterios de valoración establecidos nas bases teñen en conta a necesidade de adaptarse aos MAP e ás políticas públicas dos países socios.
L.A.2.3. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos países menos adiantados.	I. 2.3.1. Como mínimo un 15 % da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE destinada aos países menos adiantados.	13. Proxectos no exterior executados en países menos adiantados.	A axuda desembolsada nos países menos adiantados no 2016 (333.952,76 €) representa un 11,60 % de toda a axuda desembolsada no exterior (2.877.739,17 €)
L.A.2.4. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.	I. 2.4.1. Como mínimo un 15 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas.	14. Proxectos con marcos de planificación plurianual financiados.	A porcentaxe de axuda desembolsada pola DXRREE e UE para proxectos no exterior que foi dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas elevouse a un 47,14 %.

RESULTADO DE XESTIÓN 3 A COOPERACIÓN GALEGA ESPECIALIZA A SÚA AXUDA NOS SECTORES NOS QUE CONTA CON VALOR ENGADIDO OU VANTAXES COMPARATIVAS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.3.1. Fortalecer a especialización sectorial da Cooperación Galega.	I. 3.1.1. Entre o 80 % e o 90 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concéntrase nos 7 sectores de especialización.	15. Proxectos no exterior executados nos sectores de especialización. 16. Proxectos e intervencións executadas en cada un dos sectores.	O 92,80 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación para o desenvolvemento pola DXRREE e UE, a través de 36 proxectos concentrouse nos 7 sectores de especialización.
L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.	I.3.2.1. Como mínimo un 50 % da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e UE canalizouse por medio de convocatoria pública. I.3.2.2. Como mínimo un 10 % da axuda desembolsada pola DXRREE e UE en acción humanitaria destínouse á redución de riscos e á resiliencia.	17. Convocatorias Aberta e Permanente de Acción humanitaria resoltas. 18. Proxectos e convenios en acción humanitaria financiados.	O 100 % da axuda desembolsada en acción humanitaria foi canalizada mediante 6 convenios. Un 34,77 % da axuda desembolsada en acción humanitaria destínouse á redución de riscos e resiliencia.



Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017

RESULTADO DE XESTIÓN 4 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA COORDINAN E COMPLEMENTAN AS SÚAS ACTUACIÓNS PARA CONTRIBUÍR AOS RESULTADOS DE DESENVOLVEMENTO DA COOPERACIÓN ESPAÑOLA			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.	I.4.1.1. Achegas económicas ao Fondo Humanitario Común coordinado pola AECID realizadas pola Xunta de Galicia. I.4.1.2. Nº de xuntanzas da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento e dos Encontros de comunidades autónomas e cooperación nos que participa a Xunta de Galicia.	19. Achegas económicas ao Fondo Humanitario Común realizadas. 20. Xuntanzas da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento da cooperación española celebradas. 21. Encontros de comunidades autónomas e Cooperación celebrados.	No ano 2016 achegáronse 50.000 € ao Fondo de emerxencias coordinados pola AECID que foron destinados a actuacións do PMA no Sáhara e da UN-RWA en Siria e de ACNUR en México. A Xunta de Galicia participou na xuntanza da Comisión Interterritorial celebrada o 6 de xuño en Madrid. A Xunta de Galicia organizou o IX Encontro de comunidades autónomas e cooperación celebrado os días 14 e 15 de marzo en Santiago.
L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación.	I.4.2.1. Nº de alianzas de traballo multiactor con financiamento internacional con outros actores e axentes da Cooperación Galega establecidas. I.4.2.2. Como mínimo, un 30 % da axuda total desembolsada a través das convocatorias aos axentes de cooperación da DXRREE e UE financia proxectos en agrupación.	22. Alianzas de traballo establecidas. 23. Proxectos en agrupación financiados.	Deuse continuidade á alianza de traballo multiactor, coa Fundación CETMAR (Centro Tecnolóxico do Mar). Financiáronse un total de 20 proxectos con anualidade 2016 presentados por agrupacións de entidades no marco das distintas convocatorias, o que representa un 32,50 % do total de axuda desembolsada para o financiamento de proxectos a través deste instrumento. Á marxe das convocatorias, dos 13 convenios asinados con anualidade 2016, 4 foron presentados en agrupación, o que representa o 28,46 % da axuda desembolsada a través de convenios.

RESULTADO DE XESTIÓN 5 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA UN MAIOR ALCANCE DAS SÚAS ACTUACIÓNS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE.	I.5.1.1. Nº de persoas asistentes ao curso de capacitación en xestión orientada a resultados de desenvolvemento dirixido ao persoal da DXRREE e UE e ao resto de actores e axentes de cooperación realizado. I.5.1.2. Nº de asistencia técnicas orientadas ao reforzamento de capacidade da DXRREE e UE en acción humanitaria, avaliación e educación para o desenvolvemento.	24. Curso sobre xestión orientada a resultados de desenvolvemento celebrado. 25. Asistencia técnicas realizadas.	No ano 2016 non se teñen realizado cursos sobre esta temática. Contratáronse 5 asistencia técnicas especializadas, unha para a Acción Humanitaria e 3 para as avaliacións ex- ante e ex-post e unha máis, aínda en marcha, para a elaboración da Estratexia de ED.



Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017

RESULTADO DE XESTIÓN 5 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA UN MAIOR ALCANCE DAS SÚAS ACTUACIÓNS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.2. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación.	I.5.2.1. 4 % da axuda total desembolsada centrada na consolidación e fortalecemento de axentes cunha atención específica á CGONGD e ao Fondo Galego. I.5.2.2. Nº de bolsas de formación de expertos/as, convenios coas universidades e convocatorias de fortalecemento e consolidación de ONGD financiadas. I.5.2.3. Nº de participantes nas actividades de formación do sector empresarial para mellorar a súa responsabilidade social empresarial en cooperación ao desenvolvemento e na investigación sobre o papel da empresa galega na cooperación para o desenvolvemento.	26. Proxectos de consolidación e fortalecemento de axentes financiados. 27. Convenios asinados anualmente coa CGONGD e co Fondo Galego e convocatorias de fortalecemento e consolidación de ONGD resoltas. 28. Bolsas de formación de expertos/as concedidas. 29. Estudo sobre as achegas das empresas galegas ao desenvolvemento nos países socios realizado. 30. Curso de formación en RSE no eido da cooperación ao desenvolvemento.	O 6 % da axuda desembolsada destinouse a actuacións de consolidación e fortalecemento de axentes. Asináronse dous convenios de colaboración, un coa CGONGD e outro co Fondo Galego. Non se publicou unha nova convocatoria de fortalecemento e consolidación de axentes de cooperación destinada a ONGDS no 2016. Porén, déuselle continuidade aos 4 proxectos financiados na convocatoria de 2015 que recollían a anualidade 2016, como non podía ser doutro xeito. Concedéronse 6 bolsas de formación de expertos/as en cooperación: 2 bolsas na sede da DX de RREE e coa UE e 4 bolsas no exterior, (Perú, Nicaragua, República Dominicana e Mozambique). Asinouse un segundo convenio coas tres Universidades Galegas para o fortalecemento da Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento. Non se ten realizado ningunha formación no eido da RSE.
L.A.5.3. Fortalecer a capacidade dos axentes galegos de cooperación para diversificar as súas fontes de financiamento.	I.5.3.1. Nº de participantes en actividades de formación especializada en captación de fondos privados e públicos cunha atención especial ao financiamento europeo e internacional.	31. Formacións especializadas en captación de fondos realizadas.	Neste ano non se realizaron actuacións neste eido directamente pero si no marco do convenio de fortalecemento de RGCUD.
L.A.5.4. Consolidar o investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.	I.5.4.1. Até o 70 % do custo total do proxecto nas convocatorias e convenios permite financiar gastos en recursos humanos.	32. Bases das convocatorias publicadas.	Todas as convocatorias das diferentes materias prevén o financiamento de ata un 70 % de recursos humanos.

Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017

RESULTADO DE XESTIÓN 6 A CIDADANÍA GALEGA ACCEDE A UNHA INFORMACIÓN DE CALIDADE SOBRE OS LOGROS COLECTIVOS DA COOPERACIÓN GALEGA NA LOITA CONTRA A POBREZA			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.	I.6.1.1. Grao de dispoñibilidade de información actualizada sobre todas as actividades da DXRREE e UE en cooperación na páxina web da Cooperación Galega. I.6.1.2. Nº de publicacións e actividades de difusión anual dos resultados da Cooperación Galega.	33. Páxina web da Cooperación Galega actualizada. 34. Informes anuais da Cooperación Galega difundidos.	A información da páxina web da Cooperación Galega encóntrase actualizada coas últimas accións levadas a cabo pola DXRREE e UE en materia de cooperación. Editouse e difundíuse de xeito dixital o Informe do ano 2015. Ademais o persoal da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior participou en actividades de difusión da Cooperación Galega tanto no ámbito autonómico como ámbito estatal.
L.A.6.2. Promover unha cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe organizativa no sistema galego de cooperación.	I.6.2.1. Unha avaliación intermedia de seguimento e unha avaliación final externas e independentes da execución do III Plan director da Cooperación Galega realizadas e difundidas. I.6.2.2. Nº de proxectos financiados a través da convocatoria de investigación para o desenvolvemento dirixida aos grupos e centros de investigación das universidades galegas. I.6.2.3. Nº de avaliacións das intervencións financiadas nun mínimo de 3 países socios realizadas e difundidas.	35. Avaliación intermedia do III Plan director realizada. 36. Avaliación final do III Plan director realizada. 37. Convocatoria de investigación para o desenvolvemento resolta. 38. Avaliacións de proxectos no exterior realizadas.	Realizouse a avaliación intermedia e os seus resultados foron presentados ao Congacode. Farase no momento en que finalice a súa execución. Realizouse unha avaliación ex-post dos proxectos financiados pola cooperación galega no Ecuador dende o ano 2007 ata o ano 2014.

Seguimento do cumprimento de obxectivos do III Plan director da Cooperación Galega 2014-2017

RESULTADO DE XESTIÓN 7			
A COOPERACIÓN GALEGA MELLORA A PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DAS ACTUACIÓNS EN EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.7.1. Definir un marco estratéxico de acción en educación e comunicación para o desenvolvemento.	I.7.1.1. N° de axentes e actores participantes no deseño da estratexia da Cooperación Galega en educación e comunicación para o desenvolvemento.	39. Estratexia de educación para o desenvolvemento da Cooperación Galega deseñada de xeito participativo.	En proceso de elaboración da estratexia.
L.A.7.2. Garantir a previsibilidade financeira das actividades de educación para o desenvolvemento.	I.7.2.1. N° de convocatorias de educación para o desenvolvemento publicadas e resoltas.	40. Convocatorias de educación para o desenvolvemento resoltas.	Publicouse e resolveuse unha convocatoria de educación para o desenvolvemento. A través de dita convocatoria financiáronse 9 proxectos. Asegurouse o financiamento dos 10 proxectos bianuais aprobados na convocatoria de educación para o desenvolvemento do ano 2015.



4

Actuacións de cooperación no exterior

4.1 Convocatoria 2016 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de subvencións por unha parte, ás organizacións non gobernamentais, e por outra, ás universidades, ás empresas e organizacións empresariais, aos sindicatos e ás comunidades galegas no exterior que teñan a condición de axentes de cooperación, para a execución de proxectos no exterior.

A Orde que regula a convocatoria foi publicada no DOG do 30 de decembro do 2015 (como anticipado de gasto). A dotación orzamentaria, plurianual, foi de 2.382.510€, conforme a seguinte distribución:

- Proxectos no exterior de ONGD: 2.007.510€
- Proxectos no exterior doutros axentes de cooperación: 375.000€

Presentáronse un total de 49 proxectos (36 proxectos de ONGD e 13 proxectos doutros axentes), dos que foron aprobados un total de 15 proxectos (11 proxectos de ONGD e 4 doutros axentes).

A resolución das convocatorias fíxose pública o día 2 de maio.

A continuación se ofrece información dos proxectos aprobados ao abeiro da citada convocatoria.



Proxectos no exterior de ONGD

01. Fortalecemento das capacidades locais e da participación comunitaria para mellorar o acceso ao dereito de auga potable e saneamento a través da xestión integrada do recurso hídrico, nos municipios da Mancomunidade NASMAR, Honduras. Fase III.

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de Cooperación no Exterior ONGD

Axente: Enxeñería sen fronteiras Galicia agrupada coa Universidade da Coruña - Laboratorio de Enxeñería Cartográfica, CARTOLAB

Código/s CRS: Política de recursos hídricos e xestión administrativa

Socio local: Mancomunidade dos municipios do sur (NASMAR); Asociación Hondureña de Juntas Administradoras de Sistemas de Agua (AHJASA)

Zona de actuación: Zona Golfo de Fonseca

País: Honduras

Rexión: Centroamérica e Caribe

Descrición: Nesta terceira fase preténdese dar continuidade ás accións xa iniciadas, e solucionar debilidades identificadas no transcurso do programa, como son a sensibilización e capacitación en temas de calidade de auga, a necesidade de formación para o deseño de sistemas de abastecemento de auga e a perforación e construción de pozos para o abastecemento comunitario de auga, así como a introdución de ferramentas innovadoras de cartografía participativa.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Ampliado o acceso á auga potable e saneamento da poboación rural como dereito humano básico a través da xestión integrada do recurso hídrico con enfoque de concha hidrográfica na rexión do Golfo de Fonseca, Honduras.

Obxectivo específico: Fortalecidas as capacidades locais e a participación comunitaria para mellorar o acceso ao dereito á auga potable e saneamento a través da xestión integrada do recurso hídrico nos 7 municipios da Mancomunidade de NASMAR, Honduras.

Poboación beneficiaria:

Directa: A poboación beneficiaria directa está constituída polo persoal técnico das 7 Alcaldías que conforman a Mancomunidade de NASMAR, así como o propio persoal contratado dos socios locais, a Mancomunidade de NASMAR e AHJASA, que recibirán as capacitacións en gvSIG Fonsagua, deseño de sistemas de abastecemento de auga e ferramentas de cartografía participativa. Do mesmo xeito, as corporacións municipais e o persoal contratado das 7 municipalidades recibirán formación en enfoque de xénero (en total 105 persoas). Total: 2.349 persoas.

Indirecta: A poboación beneficiaria indirecta serán os habitantes dos 7 municipios que conforman a Mancomunidade NASMAR (203.900 persoas) xa que o fortalecemento da xestión da auga vai dirixido á poboación como titulares do dereito á auga e ás institucións como titulares de obrigas neste eido.

Axuda Xunta de Galicia: 199.968,00 € (2016: 79.987,20 €; 2017: 119.980,80 €)

02. Fortalecer a implantación do plan de redución da desnutrición de menores de 5 anos e mulleres embarazadas, en San Martín Sacatepéquez. Guatemala. Fase III.

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de Cooperación no Exterior ONGD

Axente: Farmacéuticos Mundi

Código/s CRS: Nutrición básica; Atención sanitaria básica

Socio local: Asociación de Servicios Comunitarios de Salud (ASECSA)

Zona de actuación: San Martín Sacatepéquez. Departamento de Quetzaltenango

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica

Descrición: O proxecto que se presenta forma parte dunha estratexia máis ampla, compartida polos actores da intervención, orientada a reducir a desnutrición de menores de 5 anos e mulleres embarazadas no Departamento de Quetzaltenango, complementando accións e esforzos institucionais e comunitarios. Constitúe a fase III doutros proxectos anteriores financiados pola Xunta en 2014 e 2015.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír á redución da desnutrición infantil en comunidades rurais de San Martín Sacatepéquez.

Obxectivo específico: Fortalecer a seguridade alimentaria e nutricional (SAN) de nenas/os menores de 5 anos e mulleres embarazadas.

Poboación beneficiaria:

Directa: Como colectivo meta inclúense as mulleres en idade fértil e nenos/as menores de cinco anos. A poboación meta é maioritariamente indíxena e identifícase maioritariamente (98%) coa etnia Mam, vive en comunidades rurais caracterizadas polo deterioro ambiental e padece sistemáticas vulneracións dos seus DESC, acumulando graves limitacións para o desenvolvemento. Así, enfronta situacións de elevada vulnerabilidade nutricional e conta con escasos recursos económicos. De conformidade coas proxeccións realizadas polo Instituto Nacional de Estatística para 2013, a media de membros da unidade familiar é de 5,5 persoas. Total: 11.276 persoas.

Ano: 2014

Instrumento de financiamento: Convenio

Axente: Fundación CETMAR

Rexión: Centroamérica e Caribe

Subvención da Xunta de Galicia: 125.000 € (2014: 28.668,00 €; 2015: 34.332,00 €; 2016: 62.000 €)



4.4 Actuacións doutras consellerías

Ademais das actuacións da DXRREE e coa UE previstas no Plan anual 2016, ao longo deste ano outros departamentos da Xunta de Galicia realizaron actuacións de cooperación para o desenvolvemento con cargo aos seus orzamentos, e que non estaban previstas no citado Plan. Pódense destacar as seguintes:

- A [Consellería de Sanidade](#), que asinou dous convenios: un coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para a prestación de asistencia sanitaria a menores participantes no programa “Vacacións en paz 2016”, cun gasto cuantificado de 186.984€, e outro coa Fundación Tierra de Hombres para o desenvolvemento do proxecto “Viaje hacia la vida”, cun gasto cuantificado de 64.453€, o que supón un importe total de 251.437€.
- A [Consellería do Mar](#), que realizou, a través do CETMAR, colaboracións técnicas e cursos de formación para o reforzo de capacidades en pesca e acuicultura en distintos países de Iberoamérica, cuxo custe se cuantifica nun total de 64.270€.

Cabe destacar que o CETMAR recibiu no ano 2016 un financiamento da UE de 656.280€ para tres proxectos: un en Nicaragua, outro en Santo Tomé e Príncipe e un terceiro en Senegal, Costa de Marfil, Ghana, Nixeria e Camerún.

5

Axuda humanitaria e de emerxencia

No ano 2016, dando cumprimento aos obxectivos e indicadores que o III Plan Director da Cooperación Galega establece neste ámbito, dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE traballouse co fin de realizar unha acción humanitaria integral e de calidade, mellorando a calidade e o carácter integral desta a través dunha acción máis estratéxica en colaboración cos axentes de cooperación e, ao mesmo tempo, dando continuidade ao traballo con organizacións multilaterais e/ou especializadas en Acción Humanitaria, contribuíndo ao cumprimento da L.A. 3.2.

A axuda da Xunta de Galicia no ámbito da acción humanitaria que foi xestionada a través da DXRREE e coa UE no 2016 ascendeu a 306.866,00€ o que representa o 8,44% do orzamento operativo do programa orzamentario 331A.

Os instrumentos habitualmente utilizados para o financiamento de actuacións humanitarias e de emerxencia son:

- Convocatoria aberta e permanente para proxectos de acción humanitaria.
- Convenios de colaboración con entidades especializadas en acción humanitaria.



5.1 Convocatoria aberta e permanente para proxectos de acción humanitaria

No ano 2016 tendo en conta as restricións orzamentarias do período, non foi publicada a convocatoria para o financiamento de proxectos de acción humanitaria no exterior, o que non impediu á Xunta de Galicia poder atender e dar resposta a algunhas das crises humanitarias máis graves que se están a desenvolver.



5.2 Convenios de colaboración para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

Ao longo do 2016 asináronse 5 convenios no ámbito da acción humanitaria e de emerxencia, mantívoase activo o convenio asinado entre a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e a cooperación descentralizada para a planificación conxunta nesta materia, un total de 6 convenios vixentes, que financiaron 13 intervencións e operativos de resposta.

01. Convenio de colaboración con Farmacéuticos Mundi para actuacións de Acción Humanitaria e de Emerxencia

Para garantir a adecuada dotación dun fondo de emerxencias asinouse, por sétimo ano consecutivo, un convenio con Farmacéuticos Mundi, que permitiu atender de forma rápida algunhas das crises humanitarias e emerxencias acaecidas no 2016. O convenio contou cunha dotación de 50.000,00€ que permitiron a posta en marcha de operativos en Siria, O Salvador, Ecuador, Kenia, Serbia e Haití.

O acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia e Farmacéuticos Mundi ten como obxecto realizar as actuacións que ambas as partes acorden destinadas a atender as necesidades máis urxentes das poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humano, con especial énfase nos colectivos máis vulnerables, a través da provisión inmediata de bens e servizos esenciais para a supervivencia. Por outra banda, a activación deste convenio tamén pretende paliar o sufrimento das poboacións afectadas por crises de longa duración e desequilibrios crónicos e estruturais, con énfase en países e poboacións cun menor Índice de Desenvolvemento Humano.

As actuacións desenvolvidas por Farmacéuticos Mundi no marco deste convenio centráronse na mellora das condicións de saúde das poboacións atendidas, a través de dúas estratexias diferenciadas. En primeiro lugar, compra local ou envío de equipos estándares (Kits de Acción Inmediata, Kits Sanitarios para Emerxencias), Non food Items (Kits hixiénicos ou material de acubillo) e alimentos, que permitiron

atender ás necesidades da poboación. Todo o material adaptouse estritamente ás necesidades, contexto e patróns epidemiolóxicos do país de destino e da urxencia concreta que se debe atender. En segundo lugar, dotación de kits e stocks de medicamentos adecuados e suficientes de resposta en urxencia directamente naqueles países onde Farmacéuticos Mundi ten presenza permanente.

Subvención da Xunta de Galicia: 50.000,00€

A través deste convenio de colaboración realizáronse seis actuacións de emerxencia:

Intervención de emerxencia para atender as necesidades nutricionais da poboación atrapada no Campo de Al Yarmouk e nas comunidades de Yalda e Babbilia no sur de Damasco, Siria

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda de emerxencia

Socio local: JAFRA Foundation for Relief and Youth Development

Zona de actuación: Campo de Al Yarmouk e comunidades de Yalda e Babbilia

País: Siria

Rexión: Oriente Próximo

Descrición: Na noite do 27 de febreiro de 2016 decretoouse o cese das hostilidades entre os bandos enfrontados en Siria, despois da sinatura dun acordo histórico entre Rusia e EE.UU. O acordo prevía a participación de todas as partes implicadas no conflito, sen incluír as forzas do Estado Islámico e do Frente Al Nusra, filial de Al Qaeda no país.

Pola súa banda o Consello de Seguridade da ONU aprobou unha Resolución na que insta a todas as partes no conflito a aceptar o acordo, cesar os ataques,

renunciar aos intentos de adquisición de territorios controlados polos outros grupos armados e, o máis importante e que xustifica esta intervención, comprometerse a permitir ás axencias humanitarias o acceso rápido, seguro e sen obstáculos, para prestar asistencia humanitaria aos milleiros de persoas que a necesitan.

A pesar de que o acordo supón un gran paso para acadar a paz en Siria, en guerra dende o 2011, non existen garantías absolutas de alto o lume no país debido, entre outras cousas, ao gran número de milicias e faccións armadas nacionais e internacionais involucradas.

Neste marco, e conscientes da oportunidade de acceso á poboación, en concreto no campo de Al Yarmouk e nas comunidades próximas a este, de Yalda e Babbilia, o socio local de Farmamundi no país, a Jafra Foundation for Relief and Youth Development, contactou para solicitar apoio.

Con esta intervención entregouse un lote de alimentos e leite infantil para 2.000 persoas entre os meses de marzo e abril de 2016.

Intervención para atender a emerxencia por brotes de zika, dengue e chicungunya no Municipio de Mejicanos no Departamento de San Salvador (O Salvador)

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda de emerxencia

Socio local: Asociación Salvadoreña Promotora de Saúde (APS)

Zona de actuación: Municipio de Mejicanos no Departamento de San Salvador

País: O Salvador

Rexión: Centroamérica

Descrición: O día 11 de xaneiro de 2016 o Goberno do Salvador decretou unha alerta nacional ante a elevada presenza de mosquito zancudo aedes aegypti principal transmisor das enfermidades de zika, dengue e chicungunya, e debido ao incremento de persoas infectadas.



O virus Zika aislouse por primeira vez en 1947 nos bosques de Zika (Uganda), nun mono *Rhessus* durante un estudo sobre a transmisión da febre amarela selvática. Aínda que a infección en seres humanos demostrouse en 1952 (Uganda e Tanzania), só ata 1968 logrouse illar o virus a partir de mostras humanas en Nixeria. No 2007 tivo lugar o primeiro brote importante de infección por virus Zika na Isla de Yap (Micronesia) na que notificáronse 185 casos sospeitosos, dos que 49 foron confirmaron e 59 foron considerados probables.

Recentemente, en febreiro de 2014, as autoridades de saúde pública de Chile confirmaron un caso de transmisión autóctona (localmente adquiridos) de infección por virus Zika na Illa de Pascua. A mesma coincidiu coa presenza doutros focos de transmisión nas Illas do Pacífico. En abril de 2015 as autoridades de saúde pública de Brasil detectaron os primeiros casos no nordeste do país. Os recentes brotes de febre por virus de Zika en distintas rexións do mundo demostran a potencialidade deste virus para propagarse polos territorios nos que existen vectores potenciais, como o zancudo *Aedes aegypti*.

No Salvador, o Ministerio de Saúde (MINSAL) confirmou a circulación do virus Zika a partir de novembro de 2015, a través de que de 10 mostras que enviaron para ser analizadas ao laboratorio do Centro para Control de Enfermidades (CDC) en Estados Unidos deron 3 positivos.

No Salvador, segundo as estatísticas epidemiolóxicas relacionadas co Zika, durante este ano 2016, de xaneiro á 3ª semana de febreiro contabilizáronse 5.343 casos sospeitosos, 165 en embarazadas. A poboación máis afectada é a comprendida no rango de idade dos 20 aos 49 anos, os departamentos con máis casos son San Salvador e La Libertad.

Con respecto ao Dengue, nas primeiras 8 semanas do ano se teñen rexistrado 2.344 casos sospeitosos, o cal representa un aumento do 57% en relación ao ano 2015. Confirmáronse 41 casos, dos cales 38 foron casos con o sen signos de alarma e 3 foron de dengue grave.

En relación ao Chikungunya, nese mesmo período se teñen reportado 119 casos, o que supón unha diminución en comparación co ano 2015, xa que no mesmo período foron reportados 294 casos.

O factor de risco máis importante para a transmisión do Dengue, Chikungunya e Zika no país continúa sendo a presenza do vector (mosquito *Aedes aegypti*), verificándose altos índices de infestación larvaria de vivendas a nivel nacional.

Con esta intervención, contando coa colaboración da Asociación Salvadoreña Promotora de Saúde (APS), e coordinación constante coas institucións do goberno salvadoreño implicadas nesta alerta, dotouse do material e insumos necesarios para a realización de campañas de prevención, mitigación e fumigación co fin de eliminar o mosquito que actúa como vector.

Posta en marcha dun operativo de emerxencia en resposta ao chamamento internacional de axuda de emerxencia polo terremoto acaecido en Ecuador

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda de emerxencia

En coordinación coa AECID

Zona de actuación: Zonas afectadas dos Departamentos de Manabí e Esmeraldas

País: Ecuador

Rexión: Sudamérica

Descrición: O movemento sísmico ocorrido en Ecuador ás 18:58 ECT do 16 de abril de 2016, con epicentro entre as parroquias Pedernales e Cojimíes do cantón Pedernales, na provincia de Manabí, contou cunha magnitude de 7,8 grados na escala Richter, e constituíu o terremoto máis fortemente sentido no país dende o terremoto de Colombia de 1979, e o máis destrutivo dende os terremotos de Ecuador de 1987. As ondas sísmicas chegaron ao suroccidente de Colombia, sentíndose en cidades dese país como

Cali, Pasto, Popayán e Neiva; e na fronteira norte de Perú, en lugares como Tumbes, Piura, Cajamarca, Lambayeque e Amazonas.

Ante a gravidade do suceso a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, AECID fixo un chamamento a través da Oficina de Acción Humanitaria (OAH) para coordinar a resposta e posibilitou a inclusión de material por parte da cooperación descentralizada no avión que saíu cara ao país andino.

O material que a Xunta de Galicia puido enviar grazas a colaboración de Farmamundi compúxose de medicamentos e material sanitario estandarizado consonte criterios da OMS para este tipo de emerxencias.

Intervención de emerxencia para a atención sanitaria á poboación refuxiada urbana en Nairobi (Kenia), ante o brote de cólera

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda de emerxencia

Socio local: Foundation For Health and Social Economic Development Africa (HESED- África)

Zona de actuación: Nairobi

País: Kenia

Rexión: África do Este



Descrición: Kenia é actualmente un dos países que alberga o maior número de persoas refuxiadas do mundo segundo datos da Oficina para a Coordinación de Asuntos Humanitarios da ONU (OCHA). As últimas estatísticas rexistran un total de 603.881 persoas refuxiadas e/ou demandantes de asilo procedentes na súa maior parte de Somalia (70%), Sudán do Sur (16%), Etiopía (5%) e República Democrática do Congo (4%) téndose identificado máis de 15.000 menores non acompañados. A maior parte da poboación refuxiada atópase no campo de Dadaab, situado ao leste do país próximo á fronteira con Somalia. Actualmente se atopan rexistradas no campo un total de 221.938 persoas na súa maioría somalís que fuxiron dos conflitos que asolan o seu país. Outras 126.042 se atopan no campo de Alinjugur, 184.550, no campo de Kakuma próximo á fronteira con Sudán do Sur e 61.351 persoas refuxiadas en Nairobi.

A pesar das sucesivas ampliacións dos diferentes campos existentes, estes están colapsados e sen capacidade de acollida para todas as persoas que chegan, o que favorece a proliferación de asentamentos informais nos arredores dos campos e os desprazamentos ás cidades de miles de persoas refuxiadas que, ao non ter logrado rexistrarse nos campos, non teñen acceso aos servizos dispensados polas organizacións internacionais relativos ao aloxamento, alimentación, auga e servizos de saúde, saturando os xa de por si precarios recursos da poboación local, o que se traduce nunhas condicións de vida extremadamente precarias con gran vulnerabilidade.

A esta situación únese o feito de que en Kenia dende hai uns anos, a condición de refuxiado soamente reconece o dereito á non devolución, a lexislación non permite moverse libremente polo país nin traballar de forma remunerada. Esta medida, que foi adoptada de forma temporal, foise cronificando no tempo de forma que as e os refuxiados vense abocados a vivir da asistencia humanitaria que, por outra parte, é insuficiente para satisfacer as necesidades máis básicas.

Por se fora pouco o Goberno Keniata vén de anunciar o peche dos Campos de Dadaab e a disolución

do Departamento sobre Asuntos de poboación Refuxiada, o que significa de facto que a poboación actualmente neses campos será repatriada aos seus países de orixe.

Neste contexto, cada vez son máis refuxiados/as que deciden abandonar os campos e asentarse en Nairobi, coa esperanza de atopar mellores oportunidades de subsistencia. Segundo datos da OCHA, o número de refuxiados actualmente asentados en Nairobi elévase a 61.351 persoas, cifra por outra parte está infravalorada xa que non ten en conta o número de persoas refuxiadas non rexistradas que se teñen establecido na capital.

Os asentamentos informais son definidos pola Organización Internacional para as Migracións (OIM), como “áreas de vulnerabilidade” definindo estas como espazos nos que a saúde das persoas está en risco principalmente no relativo á prevalenza de enfermidades como a tuberculose, malaria, sarampión, saúde materno infantil, saúde psicosocial... Igualmente as precarias condicións hixiénicas e o limitado acceso ao saneamento básico e á auga potable, así como as condicións de hacinamento, fan destes asentamentos o caldo de cultivo propicio para favorecer a rápida propagación de enfermidades infecciosas, como ocorre no caso do actual brote de cólera no país.

No mes de febreiro de 2015 detectouse o primeiro caso de cólera en Nairobi. A enfermidade, altamente contaxiosa, propagouse rapidamente pola cidade, especialmente nos asentamentos informais dos barrios periféricos e por outras comunidades, chegando a afectar a máis de 21 condados en todo o país. A pesar dos esforzos despregados para conter a propagación tense producido unha alarmante reactivación deste a consecuencia das inundacións provocadas polo el fenómeno de El Niño.

Coa época de chuvias, expertos médicos e membros de organizacións médicas avisan que o brote de cólera pode empeorar ante a falta de auga potable e as condicións sanitarias adecuadas.

Axuda humanitaria e de emerxencia

As últimas estatísticas dispoñibles (22 marzo 2016) revelan un total de 13.299 casos de cólera (216 falecidos) 1.924 dos cales rexistráronse na capital.

Con esta intervención dotouse con kits hixiénicos sanitarios e de potabilización a 2.500 persoas, ademais realizáronse actividades de sensibilización e promoción da saúde, como prevención ante posibles contaxios.

Intervención sociosanitaria de emerxencia que mellore as condicións de vida das persoas refuxiadas, migrantes ou demandantes de asilo en Serbia

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda de emerxencia

Socio local: Initiative for Development and Cooperation - IDC

Zona de actuación: Fronteira entre Serbia e Hungría e Serbia e Croacia

País: Serbia

Rexión: Europa

Descrición: Durante o ano 2015, un número sen precedentes de persoas refuxiadas e migrantes cruzou o territorio serbio na súa ruta cara a Europa Occidental. Tratábase, na súa maioría, de persoas que fuxindo da inestabilidade e inseguridade dos seus países (Siria e Irak principalmente) chegaban a Grecia por mar co obxectivo de alcanzar Europa, atravesando Macedonia e Serbia, co foco na fronteira húngara. Tras a construción do valo en setembro 2015 e ante o agravamento da resposta das autoridades húngaras na fronteira, o tránsito de persoas refuxiadas e demandantes de asilo dirixiuse á fronteira Croata.

Así, e segundo datos de ACNUR no seu Plan de resposta para os refuxiados e migrantes en Europa para o ano 2016, (revisado en maio de 2016), en xaneiro de deste ano, 823.350 persoas transitaron por Serbia cara ás fronteiras húngaras primeiro, e croatas posteriormente, ata marzo de 2016.

Os datos oficiais dispoñibles por parte de ACNUR e a Cruz Vermella Serbia, reflicten que no primeiro trimestre de 2016, un total de 96.117 refuxiados e migrantes continuaron chegando a Serbia en tránsito.



Debido ao peche de fronteiras europeas estímase que polo menos 4.900 refuxiados e migrantes quedaron atrapados no país.

Os datos reportados polas entidades en terreo como o socio local de Farmamundi, IDC, non obstante, indican que estes números poderían ser case o dobre.

Na actualidade, e segundo datos da Cruz Vermella Serbia e ACNUR, estímase que 300 persoas continúan chegando a Serbia diariamente. Tras o acordo entre a Unión Europea e Turquía, e o peche das fronteiras para aqueles migrantes indocumentados, obsérvase un cambio no patrón de migración, chegando agora polas montañas de Bulgaria e Macedonia.

Con todo, a poboación suxeito da axuda en Serbia divídese fundamentalmente en dúas categorías:

- A poboación a priori en tránsito que quedou “atrapada” no país á espera de obter o visto e praxe das súas solicitudes de asilo nalgún Estado membro da UE, tras o peche de fronteiras.
- As persoas que entraron ao país de maneira irregular e que, polo tanto, non teñen claridade sobre cal será o seu futuro.

As maiores necesidades detectadas por ACNUR e as entidades presentes no terreo en coordinación co Goberno Serbio son:

- A provisión da alimentación básica e Non Food Items, actividades de promoción da hixiene, atención psicosocial, mantemento de stocks de continxencia e atención médica e primeiros auxilios.
- Ademais, ACNUR, Cruz Vermella e Goberno Serbio identifican a necesidade de implementar novas actividades centradas na restauración de lazos familiares (RLF), o reforzo da capacidade de resposta do persoal voluntario local e profesional involucrado e programas para evitar o tráfico de persoas.

A intervención encamiñase á asistencia sociosanitaria de emerxencia mediante a adquisición e distribución de artigos (Non Food Items) que permitan facer fronte á chegada do outono, tales como chaquetas, calcetíns e calzado impermeable, así como sacos de durmir para 150 persoas, priorizando mulleres e nenos/as; ademais traballárase no recrutamento, formación e dotación de materiais de sensibilización a un equipo de voluntariado formado por 20 persoas para o asesoramento tanto nos centros colectivos, como nos asentamentos informais nas dúas áreas de intervención: fronteira norte con Hungría (Subotica) e noroeste con Croacia (Sid).

Atención da poboación afectada polo furacán Matthew nas comunas de Petit- Gôave e Grand Gôave no Departamento Oeste de Haití

Axente: Farmacéuticos Mundi

Tipo de actuación: Axuda de emerxencia

Socio local: Movemento Sociocultural para os Traballadores Haitianos (MOSCHTA)

Zona de actuación: Comunas de Petit- Gôave e Grand Gôave no Departamento Oeste

País: Haití

Rexión: Caribe

Descrición: O martes 4 de outubro de 2016, ás 07:00H o furacán Matthew de categoría 4 e con ventos de ata 145/mph (230/kmp), alcanzou territorio haitiano causando unha gran devastación e inundacións. Matthew foi catalogado como o furacán máis poderoso no Caribe dende o Félix en 2007. A traxectoria do furacán atravesou a rexión sur de Haití, cruzando cara ao norte, e deixando efectos devastadores nos departamentos Sur, Nippes, Grand Anse, Oeste, Artibonito e Sudeste.

Con carácter previo ao paso do furacán, a Dirección de Protección Civil haitiana habilitou máis de 1.300



albergues de emerxencia, para acoller a un número estimado de 340.000 persoas. Non obstante, moitos dos centros de evacuación contan con tellados de follas de zinc, o que os fai vulnerables aos ventos provocando que moitas familias negáranse a abandonar as súas casas a pesar da inminente chegada de Matthew.

Segundo datos achegados polo socio local de Farmamundi en Haití, o Movemento Sociocultural para os Traballadores Haitianos (MOSCHTA) a totalidade da costa sur está devastada.

Entre as necesidades especificadas polos organismos de socorro está a provisión de auga potable, alimentos, medicamentos, kits de hixiene, pastillas potabilizadoras, mantas, etc. A maior urxencia é a de provisión de kits de hixiene, mantas e principalmente mosquiteiros, para facer fronte ás enfermidades transmitidas por mosquitos, como dengue, malaria, zica, que soen proliferar con este tipo de emerxencias, dada a acumulación da auga estancada e sucidade.

Tamén se require da realización de accións preventivas ante o cólera, principalmente nas rexións onde

aínda existen pequenos brotes, polo aumento do risco por causa das inundacións.

Coa intervención procedeuse á adquisición e distribución de artigos de primeira necesidade tales como, Kits de alimentos, auga en botella, kits hixiénicos, e Non Food Items (mantas, mosquiteiros).

02. Convenio de colaboración con ACNUR, Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados para a execución do proxecto "Acceso a auga potable para os/as refuxiados/as sudaneses no leste do Chad"

Axentes: España con ACNUR

Código CRS: Axuda e servizos materiais de emerxencia

Socio local: ACNUR Chad

Zona de actuación: Campo de Iridimi e Touloum

País: Chad

Rexión: África Subsahariana

Descrición: O presente convenio da continuidade aos asinados nos anos 2014 e 2015 e trata de conseguir que os/as refuxiados/as sudaneses/as nos campos de Iridimi e Touloum, xestionados por ACNUR no leste do Chad, e a poboación local, teña acceso regular aos servizos axeitados de auga cun subministro de calidade de conformidade cos estándares internacionais, evitándose deste modo a transmisión de enfermidades.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Mellora das condicións de vida da poboación refuxiada sudanesa nos campos do este do Chad.

Obxectivo específico: Aceso ininterrompido a auga potable segura e de calidade para 40.040 refuxiados/as sudaneses/as nos campos de Iridimi e Touloum segundo estándares internacionais.

Poboación beneficiaria: 40.040 refuxiados/as sudaneses/as residentes nos campos de Iridimi e Touloum e poboación local próxima aos campos.

Subvención da Xunta de Galicia: 20.000€

03. Convenio de colaboración coa UNRWA (Axencia das Nacións Unidas para os refuxiados en Palestina) para o proxecto «Contribuíndo á supervivencia da poboación refuxiada Palestina a través de artigos alimentarios»

Código CRS: Axuda alimentaria e de emerxencia

Socio local: UNRWA

Zona de actuación: Franxa de Gaza

País: Territorio Palestino Ocupado (tPo)

Rexión: Oriente Medio

Descrición: Este proxecto enmárcase dentro do Programa de Emerxencia de UNRWA na Franxa

de Gaza, concretamente nun dos seus compoñentes fundamentais, o Programa de Axuda Alimentaria de Emerxencia, que ten por obxecto a provisión de axuda alimentaria de emerxencia a 800.000 persoas, distribuída en catro roldas anuais.

A proposta que presentamos enmárcase así mesmo dentro da emerxencia a gran escala, debido á aguda crise humanitaria que sofre actualmente a poboación de Gaza como consecuencia, entre outros, das hostilidades do verán de 2014 - e de maneira máis severa a poboación refuxiada - como resultado do estado continuo de violencia no que vive a poboación desde hai décadas.

A contribución da Xunta de Galicia destinarase a completar unha das catro roldas de axuda alimentaria, reducindo o impacto do bloqueo sobre as familias refuxiadas máis vulnerables da Franxa de Gaza, mediante a mellora da seguridade alimentaria da poboación máis vulnerable, dando acceso a alimentos de primeira necesidade con valores calóricos elevados.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Reducir o impacto do conflito e a crise humanitaria na vida da poboación en situación de maior vulnerabilidade da Franxa de Gaza.

Obxectivo específico: Incrementar o aporte calórico da poboación en situación de maior vulnerabilidade da Franxa de Gaza a través da provisión de cestas alimentarias de alto valor calórico.

Poboación beneficiaria: 1.190 persoas, unhas 216 familias

Subvención da Xunta de Galicia: 20.000€

04. Convenio coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, SOGAPS, para a «Prestación de axuda sanitaria e dotación de material sanitario para o hospital de Bojador e completar o equipamento da casa para os médicos na Wilaya de Bojador»

Axente: Asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí

Código CRS: Atención sanitaria básica, Infraestrutura sanitaria básica

Socio local: Ministerio de Saúde Pública Saharauí e Media Lúa Vermella Saharauí

Zona de actuación: Wilaya de Bojador, Tindouf

País: Campamentos Saharauís, Alxeria (suroeste)

Rexión: Norte de África

Descrición: A comisión sanitaria da asociación pretende con esta intervención chegar a máis dunha wilaya e tratar de diminuír a mortalidade infantil. Para facelo, desenvolverán un proxecto encamiñado a mellorar a saúde e a calidade de vida da poboación refuxiada na rexión de Tindouf, prestando especial atención aos nenos/as de 0 a 7 anos, ás mulleres embarazadas e ás persoas maiores. Para facelo traballarán nas seguintes liñas:

- Dotar de mobles, electrodomésticos e demais bens á casa construída no ano 2014 para o persoal médico e sanitario.
- Mellorar a prestación de asistencia sanitaria no Hospital de Bojador a través da dotación de equipos e materiais sanitarios e a formación e asesoramento do persoal sanitario local.
- Sensibilizar á poboación sobre hixiene e hábitos de vida saudables.
- Reducir a taxa de desnutrición en nenos/as de 0 a 7 anos e embarazadas a través da leite infantil.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír á mellora das condicións de vida da poboación refuxiada saharauí da wilaya de Bojador, con especial atención aos nenos/as de 0 a 7 anos, mulleres embarazadas e persoas maiores.

Obxectivo específico: Mellorar as condicións de saúde e alimentación da poboación da Wilaya de Bojador con especial énfase na nutrición de nenos/as e mulleres embarazadas.

Poboación beneficiaria: 7.062 persoas

Subvención da Xunta de Galicia: 75.000 €

05. Convenio de colaboración con UNICEF, Comité Español para actuacións de Acción Humanitaria e de Emerxencia

As actuacións ante emerxencias e catástrofes naturais requiren dunha resposta rápida, áxil e flexible que permita atender as necesidades máis urxentes da poboación afectada, o que require dunha previsión e preparación previa por parte da Xunta de Galicia.

O presente convenio permite á Xunta de Galicia estar preparada para atender as necesidades en materia de auga, saneamento e hixiene (WASH, polas súas siglas en inglés) contando coa colaboración de UNICEF, entidade experta e responsable no coñecido como sistema de clústeres nesta materia.

Este convenio complementa o asinado coa entidade Farmacéuticos Mundi no ámbito da saúde, permitindo á Xunta de Galicia dar resposta de maneira urxente e eficaz nos dous sectores de especialización da Cooperación Española: Auga e Saúde.

Subvención da Xunta de Galicia: 91.866,00 €

A través deste convenio de colaboración realizáronse dúas actuacións de emerxencia:

Intervención de emerxencia para atender á poboación afectada polo terremoto en Ecuador

Axente: UNICEF Comité Español

Código CRS: Axuda e servizos materiais de emerxencia

Socio local: UNICEF Ecuador

Zona de actuación: Provincias de Manabí e Esmeraldas

País: Ecuador

Rexión: Sudamérica

Descrición: O 16 de abril, un devastador terremoto de magnitude 7,8 en la escala de Richter golpeou a costa norte de Ecuador, en concreto as provincias de Manabí e Esmeraldas. O epicentro produciuse a 19 km de profundidade. O cantón de Pedernales

(situado na provincia de Manabí) foi unha das localidades máis afectadas.

O Goberno de Ecuador declarou o estado de emerxencia nas seis provincias máis afectadas e activáronse os Clúster de emerxencia humanitaria (grupos de coordinación por sectores). 720.000 persoas víronse seriamente afectadas polo terremoto, das cales estimouse que 305.000 están por debaixo dos 19 anos (17.000 menores dun ano; 61.000 entre un e catro anos; 156.000 nenos e nenas entre 5 e 14 anos e 71.000 entre 15 e 19 anos)

Unha das primeiras intervencións que se realiza tras unha emerxencia é garantir o acceso a auga potable e a instalacións de saneamento seguras e adecuadas. As instalacións soen quedar destruídas e, ata que o país poida empezar a reconstruír as infraestruturas e os sistemas de canalización de auga potable e de saneamento, hai que garantir que a poboación teña acceso a instalacións seguras, o que servirá para previr, ademais, a proliferación de enfermidades transmisibles pola auga.



UNICEF é a axencia humanitaria líder do clúster de WASH (Auga, Saneamento e Hixiene) para as emerxencias. Como tal, coordina as actuacións que os distintos actores humanitarios realizan dentro deste sector.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír no cumprimento do dereito á supervivencia e desenvolvemento da poboación afectada polo terremoto en Ecuador asegurando o acceso a servizos de emerxencia.

Obxectivo específico: Prevención de enfermidades transmisibles polo auga a través do acceso a auga segura, saneamento e hixiene adecuados entre a poboación afectada polo terremoto en Ecuador.

Subvención da Xunta de Galicia: 45.933,00€

Intervención de emerxencia para garantir o acceso ao auga potable da poboación siria refuxiada no campo de Azraq, Xordania

Axente: UNICEF Comité Español

Código CRS: Axuda e servizos materiais de emerxencia

Socio local: UNICEF Xordania

Zona de actuación: Campo de Refuxiados/as de Arzaq, rexión de Al Mafrq

País: Xordania

Rexión: Oriente Medio

Descrición: Desde o inicio do conflito en Siria, en xaneiro de 2011, máis de 4 millóns de persoas fuxiron aos países veciños buscando un lugar seguro e un futuro. Xordania, Líbano, Iraq, Turquía e Exipto (e, en menor medida, o norte de África) están acoillendo ao maior número de refuxiados. Tamén está a ter lugar un tránsito importante a Europa, sendo os

países de paso de refuxiados máis importantes Grecia, Macedonia, Serbia e Hungría.

A presente intervención está enmarcada nun Plan de Resposta Global da crise. A intervención contribuír a dar cobertura ás necesidades humanitarias urxentes en auga, saneamento e hixiene no campo de refuxiados de Azraq, aberto en abril de 2014, e que conta na actualidade con aproximadamente 30.000 refuxiados.

O conflito en Siria é unha das crises máis graves que afecta á infancia e un dos máis brutais dos que o mundo foi testemuña nas últimas décadas. No quinto ano de conflito hai máis de 12,2 millóns de persoas afectadas dentro e fóra do país (Xordania, Líbano, Turquía, Iraq, Exipto, Macedonia, Hungría, Grecia...). Os nenos están sufrindo as consecuencias dos enfrontamentos e a falta de acceso a servizos básicos de saúde, educación e protección.

Unha das prioridades do traballo neste contexto de crise humanitaria é asegurar a provisión de servizos básicos, como o acceso á auga potable, o saneamento e a hixiene, para evitar a transmisión de enfermidades e reducir a mortalidade infantil. UNICEF está liderando as accións para responder ás necesidades de letrinas e instalacións de hixiene, así como de auga potable e sistemas de saneamento.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír ao cumprimento do dereito á supervivencia e ao desenvolvemento dos refuxiados sirios en Xordania, asegurando o acceso a servizos de emerxencia.

Obxectivo específico: Prevención de enfermidades transmisibles pola auga entre a poboación refuxiada siria máis vulnerable en Xordania, a través do acceso á auga e ao saneamento adecuados.

Subvención da Xunta de Galicia: 45.933,00€

06. Convenio de colaboración entre a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e as Comunidades Autónomas de Galicia, A Ríoxa, Illas Baleares, Madrid, Estremadura e Valencia para a programación conxunta en materia de Acción Humanitaria

Axente: AECID, Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e as comunidades autónomas de A Ríoxa, Estremadura, Galicia, Illas Baleares, Madrid e Valencia⁽⁵⁾

Descrición: O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración das partes asinantes en materia de acción humanitaria e, de maneira específica, o establecemento das finalidades específicas da dita colaboración, así como os compromisos financeiros asumidos por estas para a consecución dos obxectivos do Convenio marco de colaboración para a articulación, coordinación e complementariedade da cooperación descentralizada coa SGCID.

Para unha maior calidade e impacto das actuacións no ámbito da acción humanitaria e de emerxencia é precisa a máxima coordinación entre os axentes que a financian e levan a cabo. Neste sentido a través do presente convenio pónense as bases para unha articulación e planificación conxunta da acción humanitaria estatal e autonómica, que será financiada polas achegas de cada un dos socios no convenio. O compromiso de financiamento inicial é dun millón de euros anualmente por parte da AECID e cincuenta mil por cada comunidade autónoma.

Para a coordinación das actuacións previstas neste convenio, creouse unha Comisión de Coordinación, integrada por dous representantes da AECID e dous representantes de cada comunidade autónoma. A presidencia desta comisión é rotatoria cada 6 meses, e a Secretaría Técnica estará sempre nas mans de AECID.

No primeiro semestre de 2016 Galicia ostentou a Presidencia motivo polo que tivo lugar, no mes abril en Santiago, a xuntanza na que se determinaron as intervencións a financiar neste ano.

Consonte o convenio asinado as achegas realizadas irán encamiñadas a:

- Financiar a actuación de organismos multilaterais especializados en acción humanitaria para intervencións en crises, de acordo cos criterios de necesidade, pertinencia das accións propostas, capacidade de intervención (acceso) das axencias operadoras beneficiarias e nivel de cobertura financeira dos programas previstos para atender a estas crises (sub-financiamento). As intervencións elixibles virán establecidas polos chamamentos humanitarios internacionais emitidos polas Nacións Unidas e o Movemento Internacional da Cruz Vermella, especialmente centrados nos sectores de protección, atención sanitaria, auga e saneamento e seguridade alimentaria.
- Así mesmo, as ditas achegas poderán destinarse igualmente a financiar a actuación de organismos multilaterais especializados para intervencións de emerxencia de acordo cos criterios de necesidade, pertinencia das accións propostas, capacidade de intervención (acceso) das axencias operadoras beneficiarias que virán establecidas polos chamamentos antes citados e nos sectores previamente enunciados.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Regular a colaboración da AECID e as comunidades autónomas da Ríoxa, Estremadura, Galicia, Illas Baleares, Madrid e Valencia en materia de acción humanitaria.

Intervencións: A dotación total do convenio para o 2016 repártase entre dúas intervencións definidas, máis a dotación dun fondo de continxencia que permita atender emerxencias sobrevidas.

⁵ Aínda que nun inicio a Comunidade Autónoma de Castela A Mancha asinara o convenio, finalmente desistiu deste; pola súa banda, a Comunidade Valenciana ten manifestado o seu compromiso por sumarse ao convenio pero non o ten asinado.

- Continuarase coma no 2015 a brindar Apoio ao “Programa PRRO (Protracted Relief and Recovery Operations) do Programa Mundial de Alimentos (PMA) no Campamentos Refuxiados Saharauís”, destinando 500.000,00 € nesta intervención.
 - Apoiarase tamén con 500.000,00 € a proposta da Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados Palestinos (UNRWA)- para a mellora da seguridade alimentaria e medios de vida da poboación refuxiada de orixe palestino desprazada polo conflito en Siria.
 - Os 250.000,00 € restantes foron reservados nun inicio para ter a disposición en caso dunha emerxencia sobrevenida. No último trimestre do ano e tendo en conta o contexto existente decidiuse destinar estes fondos a través da Axencia de Nacións Unidas para o Refuxiados, ACNUR para promover solucións integrais a favor das persoas refuxiadas e solicitantes de asilo en México, a meirande parte das cales proveñen do triángulo Norte de Centroamérica.
- Subvención da Xunta de Galicia:** 150.000,00 €; 50.000,00 € (2015), 50.000,00 € (2016) e 50.000,00 € (2017)



6

Actuacións de educación para o desenvolvemento

6.1 Convocatoria 2016 de proxectos de educación para o desenvolvemento (EpD)

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de subvencións para proxectos desenvolvidos polas ONGD dentro dalgunha das catro dimensións seguintes:

- Sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza.
- Formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- Investigación sobre o desenvolvemento.
- Incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

A Orde que regula estas convocatorias foi publicada no DOG do 16 de maio de 2016. Trátase dunha convocatoria plurianual cunha dotación total de 325.000€.

Presentáronse 27 proxectos dos que foron aprobados 9 proxectos. A resolución fíxose pública o 3 de agosto.

Os proxectos aprobados son os seguintes:

01. Investigando a dimensión global da educación para o desenvolvemento. Un proxecto piloto de investigación - acción colaborativa nun centro de ensinanza secundaria de Galicia. Fase II

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2016

Axente: Solidariedade Internacional Galicia agrupada coa Universidade da Coruña

Código/s CRS: Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: Segunda fase dun proxecto cuxa primeira fase foi concedida na convocatoria de 2015. Na FASE I (EXPEDIENTE PR 804 A 2015/22), levouse a cabo a investigación, diagnose e deseño, e na FASE II levárase a cabo a implementación da acción, a avaliación e o redeseño dela. O obxectivo do proxecto é analizar como introducir o paradigma da dimensión global da ED de xeito transversal nun centro educativo galego aumentando a involucración do profesorado dun xeito significativo para o centro, atendendo aos seus intereses e necesidades.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Traballada transversalmente a educación para o desenvolvemento nos centros educativos galegos.

Obxectivo específico: Analizado o xeito de introducir transversalmente o paradigma da dimensión global da ED nun centro da ESO galego mediante unha investigación- acción colaborativa. (Fase II).

Subvención Xunta de Galicia: 44.919,00 €; (2016: 17.967,60 €; 2017: 26.951,40 €)

02. Rede Solidaria da Mocidade: cidadanía global, empoderamento e participación para o cambio social dos grupos solidarios no curso 2016-2017

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2016

Axente: Fundación Entreculturas - Fe y Alegría

Código CRS: Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O proxecto pretende dar continuidade ás accións do programa de educación para a solidariedade e a cidadanía global e de participación xuvenil Rede Solidaria da Mocidade (RSM), que se executa en Galicia desde 2004. Este programa ofrece ás comunidades educativas unha estrutura estable de participación, que facilita procesos de capacitación e empoderamento que, á súa vez, incrementan as competencias de compromiso social e cidadanía global dos mozos e mozas galegos nos seus centros de ensino. Ademais, favorece a súa formación nas temáticas de cidadanía global, así como a reflexión e concienciación sobre os problemas sociais locais e globais. No curso 2016/2017, a RSM centrárase tematicamente na análise e promoción de alternativas para un mundo sustentable, no marco da campaña educativa de “Un mundo nas túas mans. Un mundo de decisións, alternativas e encontros para cambiar o mundo”, que ten por obxectivo a promoción da participación xuvenil para o cambio social.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Promover en Galicia a construción dunha cidadanía global concienciada, crítica, participativa e comprometida coa xustiza e a solidariedade, coa erradicación da pobreza e das desigualdades, a promoción do desenvolvemento humano sustentable e o exercicio pleno dos dereitos, colaborando coa

consecución dos obxectivos internacionais de desenvolvemento.

Obxectivo específico: Os mozos, mozas e profesorado da Rede Solidaria da Mocidade exercen o seu dereito á participación e desenvolven as competencias de cidadanía global para o cambio social e o empoderamento xuvenil durante o curso 2016/2017.

Subvención Xunta de Galicia: 35.000,00 €; (2016: 14.000,00 €; 2017: 21.000,00 €)

03. Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego (EpD – CpD VI)

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2016

Axente: Asemblea de cooperación pola paz (ACPP) agrupada coa Asociación Galega de Reporteiros Solidarios - AGARESO

Código CRS: Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: Este proxecto constitúe unha aposta integral pola formación en educación e comunicación para o desenvolvemento na comunidade galega, que abarca desde a educación infantil ata a universitaria e que se presenta como continuación e complemento do proxecto EpD-CpD. As accións programadas inciden na sensibilización sobre a problemática dos países empobrecidos e da situación dos colectivos máis desfavorecidos deses países, especialmente das mulleres. Preténdese contribuír a fomentar e fortalecer un clima de tolerancia, solidariedade, democracia e respecto, desde a conciencia crítica e a pluralidade en 8 centros educativos das provincias da Coruña e Pontevedra, que ao longo do curso adquiren un compromiso que se concreta nas actividades de Escolas Sen Racismo, Escolas pola Paz e o Desenvolvemento (ESR,EPD).

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír ao fortalecemento da educación e comunicación para o desenvolvemento en Galicia.

Obxectivo específico: Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego.

Subvención Xunta de Galicia: 45.000,00 €; (2016: 18.000,00 €; 2017: 27.000,00 €)

04. Campaña mundial pola educación 2017 en Galicia

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2016

Axentes: Fundación Educación y Cooperación – EDUCO agrupada con Fundación Axuda en Acción, Fundación Entreculturas Fe y Alegría, e Fundación Taller de Solidaridad

Código CRS: Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: Este proxecto quere dar continuidade ao traballo de sensibilización, formación e incidencia ante a situación da educación no mundo que a Campaña Mundial pola Educación (CME) en Galicia leva traballando durante máis de 10 anos no eido da comunidade educativa e dos actores de cooperación. Para tal fin o equipo territorial da CME en Galicia levará a cabo unha intervención coordinada entre as ONGD que integran este proxecto co Obxectivo de “Promover na comunidade educativa e na sociedade civil galega respostas sociais, educativas e políticas a favor do dereito á educación para todos e todas e dos ODS sobre educación no novo Marco de Educación 2030”.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Promover a realización do dereito á educación a través da difusión e cumprimento dos novos compromisos mundiais

post-2015 de educación para todos e todas do novo Marco de Acción pola Educación 2030.

Obxectivo específico: Promover na comunidade educativa e na sociedade civil galega respostas sociais, educativas e políticas a favor do dereito á educación para todos e todas e dos ODS sobre educación no novo Marco de Acción pola Educación 2030.

Subvención Xunta de Galicia: 39.000,00 €; (2016: 15.600,00 €; 2017: 23.400,00 €)

05. Proxecto de difusión da Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano na comunidade educativa e profesional de base tecnolóxica e na sociedade galega en xeral 2016-2017

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2016

Axentes: Enxeñería sen Fronteiras Galicia agrupada coa Universidade da Coruña, Centro de Estudos de Xénero e Feministas- CEXEF

Código CRS: Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: Este proxecto de Enxeñería Sen Fronteiras Galicia pretende difundir a consideración do acceso a servizos básicos como dereito humano e seguir introducindo o concepto da Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano como unha ferramenta necesaria para conseguir un mundo máis xusto e solidario. Perséguese a xeración dunha cidadanía global crítica e comprometida coa loita contra a pobreza mediante actividades de educación formal, centradas nas comunidades educativa e profesional de base tecnolóxica; de sensibilización, de investigación para o desenvolvemento; e de incidencia e mobilización social. A novidade neste exercicio 2016/2017 é a introdución do enfoque de xénero xa non só transversalmente en cada acción (como medidas para favorecer a conciliación familiar das persoas asistentes), senón como eido operativo de acción da

asociación (como figura na súa planificación estratéxica), en colaboración co Centro de Estudos de Xénero e Feministas da UDC.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Cidadanía galega comprometida na loita contra a pobreza e a exclusión, promovendo o desenvolvemento humano e sustentable, a través de procesos de educación e pensamento crítico que transmitan coñecementos e promovan novas actitudes e valores a través da Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano.

Obxectivo específico: Introducidos conceptos de TpdH na sociedade galega en xeral e especialmente nos ámbitos profesional e educativo de base tecnolóxica.

Subvención Xunta de Galicia: 44.996,00 €; (2016: 17.998,40 €; 2017: 26.997,60 €)

06. Fomento da conciencia social e a capacidade de comunicación crítica do colectivo adolescente dos municipios de Ames, Boiro, Viana do Bolo, Silleda e A Guarda

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2016

Axente: Asociación galega de reporteiros solidarios- AGARESO

Código CRS: Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O proxecto EpD_LAB II é un proxecto multimedia de comunicación que se desenvolverá en 5 centros educativos de diferentes puntos xeográficos de Galicia (Ames, Boiro, Viana do Bolo, Silleda, A Guarda) e unha asociación de mozas e mozos de Latinoamérica (Usulután, O Salvador). O obxectivo principal de EpD_LAB é a formación no uso das TIC como medio de comunicación para a sensibilización social e a formación en valores, centrada na

comunicación para o desenvolvemento e a cooperación. O proxecto traballará na produción de contidos transmedia ao redor desta temática, facilitando que tanto alumnado como profesorado, que recibirá as formacións durante 9 meses, fagan un uso activo e responsable das TIC, dando a coñecer a súa realidade e establecendo redes de aprendizaxe mutua entre eles.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Sensibilización social respecto a desigualdade social e as causas da pobreza, valorando o papel da comunicación nos procesos de transformación social.

Obxectivo específico: Fomento da conciencia social e a capacidade de comunicación crítica do colectivo adolescente dos municipios de Ames, Boiro, Viana do Bolo, Silleda e A Guarda.

Subvención Xunta de Galicia: 30.138,00 €; (2016: 12.055,20 €; 2017: 18.082,80 €)

07. Procesos educativos para a construción dunha Cultura da Sustentabilidade, o Coidado e a Cooperación en Centros Educativos de Galicia

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2016

Axente: Fundación Interred- Galicia agrupada coa Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Código CRS: Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O proxecto inscríbese no marco conceptual e propositivo da 5ª xeración da educación para o desenvolvemento (EpD), centrada na configuración dunha cidadanía planetaria, responsable e comprometida coa superación das inxustizas e dos problemas xerados pola crise ambiental e económica. Un enfoque educativo que pretende integrar nos procesos educativos escolares a formación teórica e o desenvolvemento de competencias e habilidades prácticas ancoradas na vida cotiá, que faciliten o

exercicio dunha cidadanía responsable e transformadora da realidade. Considerando a perspectiva de sustentabilidade e un enfoque de coñecemento e aprendizaxe duradeiro no tempo, a presente proposta, en tanto que intervención educativa, constitúe a continuación dun proxecto de investigación en EpDeCG realizado en agrupación do Grupo SEPA da USC con InteRed Galicia durante o período 2014-2015 e financiado pola Cooperación Galega baixo o título de “Cultura da sustentabilidade e cooperación ao desenvolvemento: realidades e perspectivas educativas en Galicia e República Dominicana.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Xerar procesos formativos, co profesorado e o alumnado dos centros educativos de Galicia, que faciliten a construción dunha cultura da sustentabilidade, o coidado e a cooperación a nivel local e global, a partir da configuración de coñecementos, habilidades, comportamentos e valores que permitan propoñer alternativas de comprensión, organización e transformación da realidade escolar, comunitaria e global.

Obxectivo específico: 5 equipos de profesorado de 5 centros educativos de Galicia xeran procesos innovadores co alumnado e comunidade educativa para facilitar a construción dunha Cultura da Sustentabilidade, o coidado e a cooperación.

Subvención Xunta de Galicia: 27.484,00 €; (2016: 10.993,60 €; 2017: 16.490,40 €)

08. Galicia fronte á desigualdade: respostas desde unha fiscalidade xusta

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2016

Axente: Fundación Oxfam Intermón

Código CRS: Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: Con este proxecto preténdese contribuír a aumentar a capacidade e o impacto das persoas voluntarias, activistas e colectivos sociais de Galicia, que desde a aprendizaxe compartida de alternativas en políticas e prácticas fiscais para a igualdade, analizan, propoñen e mobilízanse para xerar un coñecemento e apoio público ao redor dun sistema fiscal que combate a desigualdade. Para iso traballaremos acompañando e formando a eses colectivos para a acción, trataremos de introducir na opinión pública galega o debate sobre a fiscalidade como peza crave para combater a desigualdade e desta maneira contribuír á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. En todo este proceso incidirase en espazos de diálogo sobre política social nos que se promoverá a participación activa dos actores políticos e sociais clave.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Cidadanía galega fortalecida en vínculos e activismo compartidos na loita polas sociedades máis igualitarias e xustas.

Obxectivos específicos: Contribuír ao aumento da capacidade e do impacto das persoas dos equipos de voluntariado, activistas e colectivos sociais de Galicia que analizan, propoñen e se mobilizan para xerar coñecemento e apoio público en torno a un sistema fiscal que combate a desigualdade social.

Subvención Xunta de Galicia: 28.940,00 €; (2016: 11.576,00 €; 2017: 17.364,00 €)

09. USC sustentable. Comercio xusto, ciclos curtos de distribución e consumo responsable

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2016

Axente: Asociación para o comercio xusto e solidario- Panxea agrupada con Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Código CRS: Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O presente proxecto enmárcase na Axenda 2030 apuntando directamente ao seu obxectivo 12: garantir modalidades de consumo e produción sustentables. Concretamente o obxectivo específico é introducir o Comercio Xusto (CX) na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a súa contorna como alternativa de consumo responsable e sustentável. É dicir, impregnar a USC (entendida como comunidade universitaria: estudantado, persoal traballador e a propia estrutura institucional) dos valores e principios que sustentan o CX, fomentando unha cidadanía global e comprometida cunha transformación social positiva.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Reforzadas as modalidades de consumo e produción sustentables e responsables entre a cidadanía galega.

Obxectivo específico: Introducido o Comercio Xusto na Universidade de Santiago de Compostela e a súa contorna como alternativa de consumo responsable e sustentável.

Subvención Xunta de Galicia: 29.523,00 €; (2016: 11.809,20 €; 2017: 17.713,80 €)



6.2 Convocatoria 2015 de proxectos de educación para o desenvolvemento (EpD)

01. Investigando a dimensión global da educación para o desenvolvemento. Un proxecto piloto de investigación - acción colaborativa nun centro educativo de Galicia. Fase I

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2015

Axente: Solidariedade Internacional Galicia agrupada coa Universidade da Coruña

Subvención Xunta de Galicia: 39.286,00 €; (2015: 15.714,40 €; 2016: 23.571,60 €)

02. Rede Solidaria da Mocidade: cidadanía global, empoderamento e participación para o cambio social dos grupos solidarios no curso 2015-2016

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2015

Axente: Fundación Entreculturas - Fe y Alegría

Subvención Xunta de Galicia: 30.000,00 €; (2015: 12.000,00 €; 2016: 18.000,00 €)

03. Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego (EpD – CpD V)

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2015

Axente: Asemblea de cooperación pola paz agrupada con Asociación Galega de Reporteiros Solidarios - AGARESO

Subvención Xunta de Galicia: 40.000,00 €; (2015: 16.000,00 €; 2016: 24.000,00 €)

04. Campaña mundial pola educación 2016 en Galicia

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2015

Axentes: Fundación Axuda en Acción agrupada con Fundación Entreculturas Fe y Alegría, Fundación Educación y Cooperación - EDUCO, Fundación Taller de Solidaridad

Subvención Xunta de Galicia: 35.030,00 €; (2015: 14.012,00 €; 2016: 21.018,00 €)

05. Proxecto de difusión da Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano na comunidade educativa e profesional de base tecnolóxica e na sociedade galega en xeral 2015-2016

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2015

Axente: Enxeñería sen Fronteiras Galicia agrupada coa Universidade da Coruña, Laboratorio de Enxeñería Cartográfica - CARTOLAB

Subvención Xunta de Galicia: 40.000,00 €; (2015: 16.000,00 €; 2016: 24.000,00 €)

06. Fomento da conciencia social e a capacidade de comunicación crítica do colectivo adolescente dos municipios de Ames, Boiro, Navia de Suarna, Viana do Bolo e A Guarda

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2015

Axente: Asociación galega de reporteiros solidarios - AGARESO

Subvención Xunta de Galicia: 29.981,00 €; (2015: 11.992,40 €; 2016: 17.988,60 €)

07. Educación comprometida co coidado da vida

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2015

Axente: Fundación Interred- Galicia

Subvención Xunta de Galicia: 30.000,00 €; (2015: 12.000,00€; 2016: 18.000,00€)

08. Alternativas de alimentación para o desenvolvemento sustentable

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2015

Axente: Amigos da Terra Galicia – xuventude agrupada con Fundación Oxfam Intermón e a Universidade de Vigo (Departamento de Economía aplicada)

Subvención Xunta de Galicia: 19.870,00 €; (2015: 7.948,00€; 2016: 11.922,00€)

09. Proxecto de difusión do dereito ao hábitat e as súas dimensións transculturais e de xénero a través da sensibilización e a educación non formal na comunidade educativa da Área Metropolitana A Coruña

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2015

Axente: Arquitectura sen fronteiras

Subvención Xunta de Galicia: 29.998,00 €; (2015: 11.999,20€; 2016: 17.998,80€)

10. Achegar ferramentas innovadoras na formación e sensibilización sobre a feminización da pobreza no sector do téxtil e alternativas para un consumo responsable de roupa. Fase Final

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de EpD 2015

Axente: Amarante Setem para o ecodesenvolvemento

Subvención Xunta de Galicia: 27.486,00 €; (2015: 10.994,40€; 2016: 16.491,60€)



6.3 Convenios de colaboración para actividades de educación para o desenvolvemento

6.3.1 Convenios de colaboración do ano 2016

No ano 2016 asináronse dous convenios de colaboración para levar a cabo os seguintes proxectos no ámbito da educación para o desenvolvemento.

01. Convenio de colaboración con Solidariedade Internacional Galicia (SIG), Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Fundación Educación e Cooperación (EDUCO) para a execución do proxecto «Cooperación Galega: O mundo que queremos 2016- 2017»

Axente: Solidariedade Internacional Galicia (SIG) agrupada con Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Fundación Educación e Cooperación (EDUCO)

Código CRS: Sensibilización sobre problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O presente proxecto constitúese como a IV edición dunha iniciativa que conta con dúas características diferenciais que condicionan cada unha das fases e elementos que o compoñen; dunha banda, o feito de formar parte do Plan Proxecta da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e doutra, o feito de aspirar a ser un proxecto colectivo e participado polo maior número posible de entidades e colectivos galegos con experiencia no campo da EpD das que, no momento da presente formulación xa forman parte 7 entidades. Ambos os feitos inciden directamente no obxecto, contidos e metodoloxía do mesmo. Así pois, Cooperación Galega; o mundo que queremos é unha iniciativa dirixida a 800 alumnos e alumnas dos centros de ensino galegos xunto ao seu profesorado, seleccionados entre aqueles que soliciten a presente proposta no marco do Plan Proxecta. Co profesorado e alumnado destinatario, profundizárase nas desigualdades sociais existentes e as causas que as perpetúan con especial atención á realidade dos países empobrecidos nos que traballa a cooperación galega.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social.

Obxectivos específicos: Contribuír ao fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social.

Axuda Xunta de Galicia: 70.000,00 €: (2016: 30.000,00 €; 2017: 40.000 €)

02. Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a execución do proxecto «O municipalismo galego aberto a cooperar.»

Axente: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (Fondo Galego)

Código CRS: Sensibilización sobre problemas relacionados co desenvolvemento

Zona de actuación: Galicia

Descrición: O obxectivo principal do Plan 2016 será o de Promover a participación e implicación das administracións locais galegas na área de cooperación ao desenvolvemento. O proxecto presentado responde aos obxectivos e estratexias establecidas nas Liñas Estratéxicas 2016-2019. O proxecto xira en torno ás especificidades da cooperación municipalista galega, as súas vantaxes comparativas coma axentes específicos dentro do sistema internacional de cooperación e coma modelo de traballo en rede colaborativo que representa o Fondo Galego.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Incrementada, desde o local, a sensibilización da sociedade galega en torno ás desigualdades Norte-Sur.

Obxectivo específico: Promovida a participación e implicación das administracións locais galegas na área de cooperación ao desenvolvemento.

Axuda Xunta de Galicia: 40.000,00€ (2016)

6.3.2 Convenios de colaboración do ano 2015

Co orzamento de cooperación exterior de 2016 deuse cobertura ao compromiso financeiro correspondente á anualidade 2016 dun convenio firmado no 2015.

01. Convenio de colaboración con Solidariedade Internacional Galicia (SIG), Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Fundación Educación e Cooperación (EDUCO) para a execución do proxecto «Cooperación Galega; O mundo que queremos 2015-2016»

Axentes: Solidariedade Internacional Galicia (SIG) agrupada con Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Fundación Educación e Cooperación (EDUCO)

Código CRS: Sensibilización sobre problemas relacionados co desenvolvemento

Axuda Xunta de Galicia: 85.443,96€ (2015: 30.961,00€; 2016: 54.482,96€)



7

Actuacións de consolidación e fortalecemento de ONGD

7.1 Convocatoria 2015 de proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD

01. Proxecto de consolidación de ASF- Galicia como un referente en materia de dereito ao hábitat

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de Consolidación e Fortalecemento de ONGD

Axente: Arquitectura Sen Fronteiras (ASF Galicia)

Axuda Xunta de Galicia: 23.105,00€; (2015: 9.242,00€; 2016: 13.863,00€)

02. Fortalecemento da implantación social da Fundación Entreculturas en Galicia (Fase 1ª)

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de Consolidación e Fortalecemento de ONGD

Axente: Fundación Entreculturas - Fe y Alegría

Axuda Xunta de Galicia: 25.000,00€; (2015: 10.000,00€; 2016: 15.000,00€)

03. Suma con implicadas: tempo + coñecemento + fondos

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de Consolidación e Fortalecemento de ONGD

Axente: Implicad@s no desenvolvemento

Axuda Xunta de Galicia: 24.997,00€; (2015: 9.998,80€; 2016: 14.998,20€)

04. Fortalecemento da área de comunicación externa e interna a través da mellora da formación e a participación da base social de Médicos do Mundo en Galicia

Instrumento de financiamento: Convocatoria Proxectos de Consolidación e Fortalecemento de ONGD

Axente: Médicos do mundo

Axuda Xunta de Galicia: 24.649,00€; (2015: 9.859,60€; 2016: 14.789,40€)

7.2 Convenios de colaboración para actividades de fortalecemento

Coma nos anos anteriores, no 2016 asinouse un convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD co obxectivo de continuar fortalecendo o tecido das ONGD galegas e da propia Coordinadora. Así mesmo, asinouse novamente un convenio de colaboración coas tres Universidades galegas que ten por obxectivo crear unha rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.

01. Convenio coa Coordinadora Galega de ONGD para "Fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGD no ano 2016"

Axente: Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD)

Código CRS: Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento

Zona actuación: Galicia

Descrición: O actual proxecto pretende establecer as liñas que permitan seguir traballando ao servizo das ONGD con criterios de eficacia, impacto e satisfacción por parte das socias; promover a mellora continua e a actualización e adaptación das ONGD ao contexto actual no ámbito do desenvolvemento (a través da formación continua e reflexión conxunta); propiciar mecanismos e procesos oportunos para que a Coordinadora continúe actuando coa máxima lexitimidade como representante das ONGD galegas e siga sendo a institución a través da cal se articula a acción conxunta e planificada cara unha serie de obxectivos comúns definidos e acordados de forma participada. O actual proxecto enmárcase nun ano de prórroga da Planificación Estratéxica 2012-2015. Neste ano 2016 está previsto desenvolver un proceso de avaliación e actualización da Planificación Estratéxica.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Contribuír á mellora do sector galego de cooperación para o desenvolvemento mediante o fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGD.

Obxectivo específico: Mellora das capacidades da Coordinadora Galega de ONGD de representación e fortalecemento das ONGD galegas e de planificación e orientación estratéxica da súa actividade cara obxectivos comúns de transformación social e defensa da política pública de cooperación.

Axuda Xunta de Galicia: 90.000 € (2016)

02. Convenio de colaboración coas tres universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o «proxecto de fortalecemento da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento»

Axente: Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo

Código CRS: Política educativa e xestión administrativa

Zona actuación: Galicia

Descrición: O proxecto ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as tres universidades galegas no proxecto de fortalecemento da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento. A Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), actúa como instrumento común de dinamización das accións de CUD e EpD, fomentando a participación e formando ás comunidades educativas, xerando espazos e ferramentas para o intercambio de experiencias, e recompilando as experiencias e capacidades existentes para facilitar tanto a súa visibilización, como para favorecer sinerxías en novas oportunidades de traballo.

Obxectivos:

Obxectivo xeral: Mellorada a posición do Sistema Universitario de Galicia (SUG) como axente de cooperación ao desenvolvemento.

Obxectivo específico: Fortalecidas as capacidades da comunidade universitaria galega para pór en marcha actuacións en materia de cooperación universitaria ao desenvolvemento e educación para o desenvolvemento.

Axuda Xunta de Galicia: 100.000,00 € (2016: 60.000,00€; 2017: 40.000,00€)



8

Formación

8.1 Bolsas de formación de expertos en cooperación para o desenvolvemento

A Orde que regula esta convocatoria foi publicada no DOG o 25 de maio, recibíndose un total de 43 solicitudes. A convocatoria foi resolta con data 30 de agosto, adxudicándose dúas bolsas para a DXRREE e coa UE, catro bolsas para as OTC de Perú, Nicaragua, República Dominicana e Mozambique.

As bolsas de formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento, contan cunha duración de 12 meses, e teñen a finalidade de complementar a formación académica dos/as titulados/as universitarios/as con estadías na sede da DXRREE e coa UE ou nas Oficinas Técnicas de Cooperación no Exterior dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, de acordo co previsto no convenio subscrito entre esta Axencia e a Xunta de Galicia.

O orzamento para estas bolsas foi de 93.600 € (39.200 € para 2016 e 54.400 € para 2017).

A este orzamento hai que engadir 2.513 € (838 € para 2016 e 1.675 € para 2017) para a cobertura da Seguridade Social das/os bolseiras/os.

O período de formación abranguerá ata o 31 de agosto de 2017.

Do mesmo xeito, tendo en conta que no ano 2015 foron adxudicadas 8 bolsas de formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento, deuse cobertura ao compromiso financeiro correspondente á anualidade 2016 das ditas bolsas, desde xaneiro a agosto, por un importe total de 76.500 €.



8.2 Actividades formativas

No marco do convenio de colaboración asinado no ano 2016 coas tres universidades galegas deseñouse e implementouse un plan de formación específica en materia de cooperación ao desenvolvemento destinado á toda a comunidade universitaria, que contou, entre outras, coas seguintes cursos, obradoiros e seminarios:

- Identificación e formulación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento: Enfoque do Marco Lóxico.
- A Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.
- Introducción á CUD e EpD: formulación e xustificación de proxectos.
- Retos da cooperación ao desenvolvemento. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- Incorporación da cooperación e a EpD nos TFG e TFM.
- Comercio Xusto e consumo responsable.
- Os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) dende o enfoque da educación para o desenvolvemento na universidade.
- Migracións: Dereitos Humanos e Mobilidade.
- O dereito á alimentación na Axenda Post-2015: Seguridade Alimentaria, Agricultura Sostible e Desenvolvemento Rural.
- Mapeo Humanitario.



9

Coordinación sectorial e interadministrativa

9.1 Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE)

O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, creado pola Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, é o órgano de consulta e participación da sociedade galega en materia de cooperación para o desenvolvemento.

O 22 de xullo de 2016 tivo lugar unha xuntanza do plenario do Consello para informar aos membros do Consello sobre o proxecto de Decreto de Cooperación Exterior e presentar os resultados da avaliación intermedia do III Plan Director 2014-2017 da Cooperación Galega.

A xuntanza do Consello completa ás xuntanzas bilaterais que tanto o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza como os representantes da DXRREE e coa UE mantiveron cos representantes do sector ao longo do 2016.



9.2 IX Encontro de comunidades autónomas e cooperación para o desenvolvemento

Nesta ocasión, Galicia foi a comunidade autónoma designada para organizar o IX Encontro de comunidades autónomas e cooperación ao desenvolvemento, que tivo lugar os días 14 e 15 de xullo en Santiago de Compostela e no que participaron representantes de todas as Comunidades Autónomas e da AECID.

Dende a DXRREE e UE elaborouse para este encontro un programa centrado nas peculiaridades e vantaxes comparativas da cooperación descentralizada española, como a cooperación técnica realizada polos nosos expertos ou a educación para o desenvolvemento, con especial atención na acción humanitaria que, nestes últimos anos ten sido obxecto dun gran avance en materia de coordinación de actuacións entre a AECID e varias comunidades autónomas, que lles está permitindo a estas ter voz propia na programación da resposta a desastres ou conflitos violentos.

Froito deste encontro, os representantes das CCAA manifestaron o seu compromiso por impulsar un conxunto de políticas públicas autonómicas que permitan acadar unha maior coherencia, tendo en conta o cambio de paradigma que supoñen os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Ademais de potenciar a educación para o desenvolvemento e a Cidadanía Global co obxecto de promover unha sociedade implicada coa xustiza social e ambiental, e coa defensa, promoción e respecto dos dereitos humanos, é dicir, impulsar a implementación da Axenda 2030 baixo un enfoque de Coherencia de Políticas para o Desenvolvemento (CPD) no conxunto da acción de goberno.

Ademais quedou patente a intención de aumentar progresivamente os fondos destinados á cooperación, á axuda humanitaria e á educación para o desenvolvemento xerando recursos suficientes e mecanismos de maior articulación entre distintos actores.



9.3 Comisión Interterritorial de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE participou, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, na xuntanza do Pleno da Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento que tivo lugar o 6 de xuño de 2016 en Madrid.

A Comisión Interterritorial é un órgano consultivo e de coordinación, concertación e colaboración entre as Administracións públicas que levan a cabo accións de cooperación para o desenvolvemento e nela participan representantes da Administración Xeral do Estado, das CC.AA. e das Entidades Locais.

Un dos temas centrais tratados na reunión foi o Convenio asinado en 2015 entre a Comunidade Autónoma de Galicia, a AECID e outras cinco comunidades autónomas para a programación conxunta en materia de acción humanitaria, convenio que supuxo a creación dun fondo común para o financiamento conxunto de actuacións neste eido.

Desde o 1 de decembro de 2015 ao 31 de maio de 2016 Galicia ostentou a presidencia semestral rotatoria da Comisión de Coordinación das actuacións que levan a cabo no marco do citado convenio en materia de acción humanitaria. Por ese motivo, o pasado 14 de abril celebrouse en Santiago de Compostela a reunión anual para planificar as actuacións conxuntas a financiar coa anualidade 2016.

A sesión centrouse ademais na aplicación en España da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible e o papel relevante que as Administración Autonómica e Local poden xogar no ámbito da sensibilización sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible que perseguen poñer fin á pobreza, loitar contra a desigualdade e a xustiza e facer fronte ao cambio climático.

9.4 Comisión de Coordinación do Convenio para a programación conxunta da AH

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE presidiu o pasado 14 de abril en Santiago de Compostela a reunión da Comisión de Coordinación do convenio asinado o ano pasado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e as comunidades autónomas de Galicia, A Rioxa, Illas Baleares, Madrid, Estremadura e Valencia para a programación conxunta de actuacións en materia de acción humanitaria.

Na reunión decidíronse as actuacións conxuntas que se van financiar na anualidade 2016, que ascenden a 1.300.000 euros (un millón da achega da AECID e 50.000 euros por cada comunidade autónoma), dos

que se destinarán 500.000€ -a proposta da Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados Palestinos (UNRWA)- á mellora da seguridade alimentaria e medios de vida para a poboación refuxiada de orixe palestino desprazada polo conflito en Siria, e outros 500.000€ a dar continuidade á intervención financiada en 2015 de apoio do Programa PRRO (Protracted Relief and Recovery Operations) do Programa Mundial de Alimentos (PMA) nos campamentos de refuxiados saharauís das proximidades de Tinduf (Arxelia). Namentres que, cos 300.000€ restantes da anualidade total do convenio se creou un fondo de continxencia que permita actuar en caso de emerxencias ou catástrofes sobrevidas.

9.5 Participación no I Cumio Mundial Humanitario en Istambul

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE formou parte da delegación española que participou no I Cumio Mundial Humanitario, que tivo lugar os días 23 e 24 de maio en Istambul.

A iniciativa, promovida polo Secretario Xeral das Nacións Unidas, Ban Ki-moon, ten como finalidade estreitar os lazos de cooperación internacional e construír mellores formas de atender as necesidades humanitarias, a través do establecemento dunha “Axenda para a Humanidade” mediante un proceso de consultas exhaustivas para recoller as perspectivas, prioridades e recomendacións de todas as partes interesadas sobre como adaptar a acción humanitaria a un mundo en constante cambio.

Neste I Cumio Mundial Humanitario, participaron máis de 5.000 persoas, entre xefes de estado e de goberno, líderes políticos, empresas, as ONGD, a sociedade civil, as comunidades afectadas e a mocidade, entre outros.



10

Viaxes, visitas e actos institucionais

10.1 Viaxes de cooperación ao exterior

No ano 2016 realizouse unha viaxe institucional do vicepresidente e conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas a Cabo Verde, entre os días 30 e 31 de xaneiro. Esta viaxe organizouse en coordinación coa correspondente Oficina Técnicas de Cooperación da AECID

Cabo Verde é considerado país estratéxico para a Cooperación Galega nos tres Plans directores executados ata o momento.

O obxecto fundamental desta visita foi realizar o seguimento e visita a proxectos financiados pola Cooperación Galega, ao tempo que se mantiveron diversos encontros institucionais con autoridades locais.

A viaxe institucional anual de seguimento de proxectos do ano 2016 quedou adiada para o ano 2017.

10.2 Visitas institucionais a Galicia

Durante o ano 2016 recibíronse en Galicia visitas de representantes de diversas entidades, procedentes de terceiros países, contrapartes en terreo de proxectos financiados pola cooperación galega.

- No mes de abril, no marco do proxecto “Cooperación Galega; o mundo que queremos” financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE a través de convenio coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Educo e AGARESO, recibíuse a visita de dous representantes da organización colombiana Forjando Futuros (contraparte no país da Asamblea de Cooperación por la Paz).
- Tamén no mes de abril recibíuse a visita a Galicia do ministro de Auga e Medioambiente da República Árabe Saharaui democrática, Brahim Mojtar, e do director nacional de Medioambiente, Musa-Sidi Mohamed Hauari.

Viaxes, visitas e actos institucionais





10.3 Campaña Mundial pola Educación 2016

A Xunta de Galicia colaborou un ano máis na Campaña Mundial pola Educación. O acto central da campaña tivo lugar o 29 de abril na Praza da Quintana de Santiago de Compostela nun acto no que participaron nenos e nenas de 5 centros educativos de Galicia ademais dos representantes das ONGD e os embaixadores e embaixadoras da Campaña.

O lema da Campaña varía cada ano, sendo o do 2016 “A educación protéxenos, protexamos o seu financiamento”, reivindicando o dereito de todos os nenos e nenas a recibir unha educación de calidade, sen discriminación e sobre a base da igualdade de oportunidades.

A Campaña Mundial pola Educación é unha coalición internacional formada por ONGD, sindicatos do ámbito educativo, centros escolares e movementos sociais de moi diverso signo, que reclaman o cumprimento íntegro dos compromisos do “Cumio de Dakar” do ano 2000, onde a comunidade internacional se comprometeu a garantir o acceso a unha educación de calidade para todos e todas antes do ano 2015.

A Campaña Mundial pola Educación conta dende o ano 2008 con financiamento da Cooperación Galega.

11

Publicacións e avaliacións

II.1 Publicacións

Tomando coma referencia o obxectivo de realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega, no ano 2016 editouse en formato dixital o Informe Anual 2015, que recolle as actividades financiadas nese ano pola Cooperación Galega.



II.2 Avaliacións

Co obxectivo de incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da Cooperación Galega realizouse a avaliación final ex-post das intervencións financiadas en Ecuador dende o ano 2007 ao 2015, coa finalidade de coñecer o grao de consecución dos obxectivos propostos e obter ensinanzas a aplicar nas intervencións avaliadas e valorar a continuidade do apoio específico da Cooperación Galega a intervencións similares executadas no mesmo territorio e coas correspondentes contrapartes.

Ecuador foi considerado como país prioritario da Cooperación Galega en todos os Plans Directores, pois se trata dun país no que existen condicións favorables para que Galicia realice unha cooperación transformadora debido aos especiais vínculos históricos e culturais coa rexión de América Latina.

Avaliáronse 18 intervencións impulsadas polos axentes de Cooperación Galega en Ecuador, financiadas a través de convocatorias públicas de axudas e subvencións e de convenios de colaboración, dos cales 12 remataron antes do 2013 e outros 6 remataron con posterioridade ou estaban en proceso de finalización no momento de avaliación.

Os informes da avaliación de cada proxecto están dispoñibles para a súa consulta na páxina web www.cooperaciongalega.org

